

.ÍNDICE

1. Resumo.....	2
2. Introducción.....	3
3. Obxectivos.....	4
4. Marco teórico e xustificación do proxecto de investigación.....	4
4.1. A Educación Ambiental, o ámbito de actuación socio-educativa de referencia.....	4
4.2. Hortas Urbanas: antecedentes, usos actuais e relación coa Educación Ambiental....	8
4.3. Contextualización da experiencia obxecto de investigación.....	12
4.4. Xustificación da investigación.....	14
5. Metodoloxía.....	16
6. Resultados.....	19
6.1. Análise documental.....	19
6.2. Análise estatística.....	21
6.3. Análise cualitativa.....	28
7. Conclusións finais.....	37
8. Recomendacións e posibles liñas de acción.....	39
9. Referencias documentais.....	40
10. Anexos.....	43

1. RESUMO – RESUMEN – ABSTRACT:

Xa dende os anos 70, desenvolvéronse nas cidades occidentais proxectos de Hortas Urbanas vinculadas ao campo de actuación da Educación Ambiental. Nun momento de crise (económica, social, ambiental...) como o actual, é de suma importancia revisar todas aquelas ferramentas a disposición da Educación Ambiental potencialmente capaces de promover as transformacións sociais, económicas e políticas necesarias para configurar sociedades máis responsables, socialmente xustas e ambientalmente sustentables, que garanticen o futuro de todas as formas de vida do planeta. Neste traballo de investigación de campo estúdase o caso das Hortas Municipais de Belvís (Santiago de Compostela). Preténdese realizar unha primeira aproximación dende a investigación socio-educativa a esta experiencia, por unha banda, e desentrañar a súa relación co campo da Educación Ambiental, así como as súas potencialidades a desenvolver, pola outra.

Ya desde los años 70, se desarrollaron en las ciudades occidentales proyectos de Huertos Urbanos vinculados al campo de la actuación de la Educación Ambiental. En un momento de crisis (económica, social, ambiental...) como la actual, es de suma importancia revisar todas aquellas herramientas a disposición de la Educación Ambiental potencialmente capaces de promover las transformaciones sociales, económicas y políticas necesarias para configurar sociedades más responsables, socialmente justas y ambientalmente sostenibles, que garanticen el futuro de todas las formas de vida del planeta. En este trabajo de investigación de campo se estudia el caso de los Huertos Municipales de Belvís (Santiago de Compostela). Se pretende realizar una primera aproximación desde la investigación socio-educativa a esta experiencia, por una parte, y desentrañar su relación con el campo de la Educación Ambiental, así como sus potencialidades a desarrollar, por la otra.

From the early 70s Urban Gardens have been developed in the occidental cities linked to the Environmental Education. With the global crises (economic, social, environmental, etc.) that affects us nowadays it's very important to look over all the tools that the Environmental Education has capable of promoting the social, economic and political transformations needed to configure more responsible societies. Fair societies and environmentally sustainable, which would grant the future of all the organisms on Earth. In this research work are studied the urban gardens of Belvís (Santiago de Compostela). On the one hand it tries to make an approximation from the socio-educative investigation, on the other, it tries to show its relationship with the Environmental Education, as well as its developing potentialities.

2. INTRODUCCIÓN:

No Traballo Fin de Grao que aquí se presenta recóllese a investigación de campo realizada polo autor do mesmo, como culminación do proceso formativo realizado durante os últimos catro cursos académicos no Grao en Educación Social. Trátase do Estudo dun Caso concreto de Hortas Urbanas, práctica que é aquí analizada e valorada dende a perspectiva da Educación Ambiental. O caso abordado neste traballo é o das Hortas Municipais de Belvís, en Santiago de Compostela, experiencia iniciada o ano 2008 e que aínda perdura na actualidade.

A finalidade desta investigación é a de ofrecer unha aproximación inicial ás experiencias de Hortas Urbanas dende unha perspectiva socio-educativa, así como identificar se as mesmas poden constituír unha ferramenta adecuada ou potencialmente adaptable para a práctica da Educación Ambiental. Dende esta perspectiva, esta é unha das primeiras aproximacións que se fai dende o ámbito socio-educativo a unha experiencia de Hortas Urbanas no Estado español.

Para facilitar a comprensión desta aproximación, nas seguintes páxinas expónse o marco teórico de referencia, no cal ofrécense unhas liñas básicas ao redor do campo da Educación Ambiental e do tipo de práctica ou experiencia que se está a analizar, as Hortas Urbanas. Preténdese así caracterizar este tipo de experiencias como accións educativo-ambientais, debido a que aínda non está xeneralizada a súa concepción como tal. Coa mesma intención introdutoria, contextualízase a experiencia concreta obxecto de estudo, acompañándose dunha revisión do marco normativo-institucional que a ampara. Remátase este apartado teórico achegando as razóns polas que se xustifica este traballo de investigación.

A continuación, descríbense as pautas metodolóxicas que guían este estudo. Detállase tanto o sentido metodolóxico xeral como as diferentes técnicas e métodos de recollida de datos e análise que se empregan, indicando quenes son as informantes ou quen compón a poboación e a mostra en cada caso. No seguinte apartado, expóñense os resultados obtidos a través do desenvolvemento da metodoloxía descrita, organizados segundo os diferentes instrumentos de análise empregados no estudo.

En base a estes resultados, preséntanse as conclusións finais da investigación, así como unha serie de propostas de mellora ou liñas de acción destinadas a optimizar a

experiencia analizada, enfocándose principalmente no aproveitamento da mesma como ferramenta para a práctica da Educación Ambiental. Estas propostas, poderán tomarse tamén como referencia para outros casos, sempre coa debida contextualización previa ao caso concreto e ás circunstancias nas que se desenvolvan.

3. OBXECTIVOS:

- Coñecer o perfil sociográfico das participantes usuarios das Hortas Municipais de Belvís, así como aspectos vinculados a súa relación coa experiencia.
- Avaliar o impacto socio-educativo desta experiencia nas participantes e na poboación da cidade de Santiago de Compostela en xeral.
- Determinar se a experiencia investigada pode ser considerada como unha práctica de Educación Ambiental e de que tipo.

4. MARCO TEÓRICO E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN:

Neste apartado preséntanse as bases teóricas sobre as que se fundamenta este estudo, así como unha breve contextualización e a xustificación da investigación.

4.1. A Educación Ambiental, o ámbito de actuación socio-educativa de referencia.

Como sinalan algúns autores consultados (Caride e Meira, P.Á., 2001; García Díaz, 2002; Meira, 2011; Sauvé, 1999, 2004, 2006), non existe unha concepción única ou homoxénea da Educación Ambiental (EA de agora en adiante). Existe, en cambio, unha gran heteroxeneidade de perspectivas no que se refire á súa natureza e fins. É necesario partir desta premisa para entender a complexidade do campo da EA.

Á hora de establecer unhas bases definitorias acerca da EA, é imperante recorrer en primeira instancia aos organismos internacionais con competencias sobre a área, neste caso, á Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO). Esta designa, a nivel oficial, os principios definitorios e obxectivos da EA, á cal se refire na actualidade como Educación para o Desenvolvemento Sostible (EDS). Xurde aquí a necesidade de identificar que se entende por *Desenvolvemento Sostible*, concepto

que suscita unha gran controversia no seo da EA¹. Así pois, a Comisión Mundial sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento (CMMAD), no seu informe chamado *O Noso Futuro Común* (ou *Informe Burdttland*), define este concepto como aquel desenvolvemento “que satisfai as necesidades do presente sen comprometer a capacidade das xeracións do futuro para satisfacer as súas” (CMMAD, 1987).

A través das diferentes Conferencias Internacionais -especialmente nas das últimas décadas- a UNESCO foi perfilando o concepto de EDS como substituínte, alternativa ou superación, a nivel oficial, da tradicional denominación da EA. Neste sentido, no documento emanado da Conferencia de Tesalónica (UNESCO, 1997), afirmase que “é evidente que as raíces dunha educación para o desenvolvemento sostible están firmemente implantadas na educación ambiental”, en clara referencia dun termo ao outro. Este mesmo documento remite ao informe emanado da Conferencia Intergubernamental sobre Educación Ambiental de Tblisi de 1977, na cal, segundo o mesmo, sentáronse os principios reitores da EA (UNESCO, 1997). As finalidades da EA consensuadas en Tblisi (UNESCO, 1980, pp.23-24) poderíanse resumir no seguintes puntos:

- Comprensión da natureza complexa do medio ambiente e das súas interaccións (biolóxicas, físicas, sociais e culturais), facilitando medios para súa interpretación e promovendo usos máis reflexivos e prudentes dos recursos.
- Contribución á percepción da importancia do medio ambiente nas actividades de desenvolvemento económico, social e cultural, favorecendo unha participación responsable e eficaz da poboación, difundindo informacións sobre modalidades de desenvolvemento respectuosas co medio, e fomentando modos de vida compatibles coa conservación do mesmo.
- Clarificación das interdependencias económicas, políticas e ecolóxicas do mundo moderno e desenvolvemento do sentido de responsabilidade e de solidariedade entre os países e rexións como fundamento dunha orde internacional que garante a conservación e mellora do medio humano.

Esta concepción oficial de partida foise transformando a través das diferentes Conferencias, Cumios e outros encontros celebrados e vinculados a este organismo, ata chegar á Conferencia de Ahmedabad de 2007, xa en pleno *Decenio das Nacións Unidas da Educación para o Desenvolvemento Sustentable (2005-2014)*. Nesta asumíuse claramente a nomenclatura de EDS, baseada nunha diferenciación de tres esferas (sociedade, medio

¹ Para afondar nesta controversia, recoméndase a lectura de Naredo (1996) e Sauvé (1999), a partir da cal se pode entender as diferencias significativas entre o emprego das nomenclaturas EA e EDS.

ambiente e economía) e as súas interrelacións (unidas principalmente pola variable cultural e o desenvolvemento). No documento do plan de aplicación das directrices deste *Decenio*, a EDS aparece como o novo paradigma que engloba a EA conxuntamente con outras cuestións e factores, como “a equidade, a pobreza, a democracia e a calidade de vida” (UNESCO, 2004), suxerindo que a EA non atende a esta índole de factores, senón que se centra exclusivamente nas relacións entre sociedade e medio ambiente.

Sen embargo, esta é só a postura oficial, acadada a través de acordos entre expertos na materia, con diferentes perspectivas ou pertencentes a diferentes tendencias paradigmáticas, pero nos que tamén converxen outra serie de influencias, sexan estas políticas, económicas, estratéxicas, etc. Algúns autores identifican o éxito destas influencias, de mercado corte neoliberal na consolidación do concepto de EDS, xa que “o *desenvolvemento sostible* que se promove nunca chega a rebordar ou a cuestionar as marxes acoutadas, cristalizadas e naturalizadas da economía de mercado” (Meira, 2011). Deste xeito, como apunta García Díaz (2002), “a rápida popularización deste concepto [desenvolvemento sostible] se debe, en gran medida, á necesidade institucional de dar un contido ao modelo de desenvolvemento desexable [...] que fose neutro -dende o punto de vista político e ideolóxico-”, e conseguir así que non se identifique a crise ambiental coa crise do modelo socio-económico actual. Tal como apunta este mesmo autor “é máis doado, e politicamente *máis correcto*, identificar o sentido do cambio con *ir cara ao desenvolvemento sostible*, que dicir, por exemplo, que hai que acabar coa globalización tal como a está a formular o capitalismo actual” (García Díaz, 2002). Así, “as institucións sociais que impulsan e desenvolven a EA (organismos internacionais, gobernos nacionais, administracións locais, etc.) forman parte, ao mesmo tempo, dun esquema socioeconómico que fomenta o modelo de desenvolvemento indesexable” (García Díaz, 2002), facendo uso dun dobre discurso, dispar entre os postulados teóricos e a praxe á hora de desenvolver a EA.

Dada esta controversia, é necesario revisar as achegas dalgúns expertos, críticos ou heterodoxos, dedicados á intervención e á investigación no ámbito da EA. A intencionalidade de recorrer a estes autores é aclarar as bases teóricas das cales parte o autor do presente estudo, partindo da clasificación das diferentes tendencias dentro da EA e clarificando cal é a que impregna ideoloxicamente este traballo.

Neste sentido, nunha primeira aproximación, tanto Caride e Meira (2001) como Sauvé (2004) identifican tres momentos no desenvolvemento histórico na concepción da EA:

educar para conservar, educar para concienciar e educar para cambiar. O primeiro deles, se correspondería coas primeiras tentativas de desenvolver unha EA aínda sen definir (anos 70) e a EA estaría dirixida “a concienciar á poboación sobre a necesidade de conservar un entorno cada vez máis degradado pola presión do progreso e a mercantilización progresiva da Natureza” (Caride e Meira, 2001, p. 151). O segundo momento ou tendencia histórica, e que segundo García Díaz (2002) é aínda a imperante, podería identificarse tamén como ambientalista, a cal sería asumida a partir da Conferencia de Tbilisi de 1977, institucionalizándose EA a través da UNESCO e o PNUMA. Esta estaría enfocada á responsabilidade individual da cada cidadán en relación coas problemáticas ambientais e a desenvolver programas de concienciación para que cada persoa actúe en consecuencia, individual ou colectivamente, pero sen cuestionar as causas das problemáticas e a súa relación co modelo de desenvolvemento. E, por último, o derradeiro momento (educar para cambiar), ten un compoñente máis claramente político e está vinculado ás relacións ambiente-desenvolvemento. Isto encadraría tanto as posturas oficiais, que xiran en torno do concepto de desenvolvemento sostible e que defenden o crecemento económico como garantía para a sostibilidade, como as posturas máis críticas co modelo neoliberal de sociedade, que apostan pola ruptura co mesmo por consideralo causante das problemáticas ambientais e sociais da actualidade. Neste sentido, García Díaz (2002), tamén considera que engloba dende “as posturas máis reformistas –focalización [...] nun desenvolvemento sostible que non cuestiona o sistema establecido- ata as posturas máis radicais”, as cales avogan por “cambios en profundidade das estruturas socioeconómicas” como solución á crise social e ambiental (p. 2).

Nunha categorización máis pormenorizada, Sauvé (2004) identifica ata quince correntes de EA, unhas con máis tradición e outras de aparición máis recente. Non obstante, é recorrente facer uso da simplificación, a través dunha lectura dicotómica dos enfoques da EA, a cal se dividiría, segundo Caride e Meira (2001, p. 67) entre “dous grandes patróns”: o ambientalista e o ecoloxista. Aínda que ambos os dous modelos compartan un substrato común -a urxencia de artellar respostas ante a ameaza da crise ecolóxica-, estes diferirían principalmente no sentido do cambio que pretenden acadar, nos contidos que abordan e nas cuestións praxeolóxicas da práctica educativa consecuenta co modelo teórico correspondente, tanto polo que fai aos procesos como aos actores implicados na mesma (García Díaz, 2002). Así, o modelo ambientalista reduciríase a resolver problemas ambientais sen afondar en cambios estruturais nos valores sociais e os modelos produtivos e de consumo, mentres que o ecoloxista implicaría cambios radicais na relación dos humanos co resto do mundo natural, incidindo nas formas de vida socioeconómica e

política. Dentro do ambientalismo, corrente apoiada por teóricos neoliberais e doutras ideoloxías afíns ao *status quo* actual, así como por organismos internacionais como a ONU ou o Banco Mundial, situaríanse o proteccionismo e o conservacionismo, entre outros enfoques. No ecoloxismo, pola súa parte, atoparíamos correntes tan diversas na teoría e, sobre todo, na práctica, como o ecosocialismo, a ecoloxía política e a ecoloxía popular, coincidindo, non obstante, en que se trata de levar a cabo accións eminentemente políticas para acadar as transformacións sociais necesarias para establecer un novo equilibrio entre a humanidade e da humanidade co resto da Natureza.

Dentro deste segundo modelo, encadraríase a concepción de EA defendida por García Díaz (2002, p.7), coa cal o autor do presente traballo concorda, na que se entende que “na EA hai que considerar dous planos de actuación: as accións dirixidas a resolver el problema concreto ([...] desenvolver condutas proambientais) e as accións que teñen que ver co cambio a máis longo prazo, dirixidas, sobre todo, a cambiar as regras do xogo ([...] forma de vida e do modelo socioeconómico dominante)”. Polo tanto e para deixar clara definitivamente a postura que se asume neste traballo respecto á EA, o autor do mesmo a entende como aquela asociada ao cambio social, que, de novo en palabras de García Díaz, sería a “que non sexa ideoloxicamente neutra, que se considera como un acto político para a transformación social, co rexeitamento, explícito, do modelo de civilización predominante baseado na sobreproducción e o sobreconsumo” (2002, p. 9), facendo uso da sensibilización pero tamén da capacitación para a acción ambiental. Así pois, asumida a EA como postura política, o autor deste estudo coincide con Sauvé (2006) ao afirmar que a finalidade é “pasar dunha cultura economicista, que reforza e que es reforzada pola globalización, a unha cultura de pertenza, de compromiso, de resistencia, de solidariedade. Libre da carga ideolóxica do desenvolvemento sostible, a EA pode xogar certamente un papel moi importante para lograr ese cambio” (p. 89).

Por último, sinalar que, en sintonía coa diversidade de enfoques teóricos, a EA conta tamén cunha gran variedade de propostas metodolóxicas no seu desenvolvemento práctico, así como de espazos, experiencias e ferramentas con grandes potencialidades para o mesmo, algunhas máis exploradas que outras pola investigación en EA.

4.2. Hortas Urbanas: antecedentes, usos actuais e relación coa Educación Ambiental.

Para achegarse ao concepto de Hortas Urbanas (HU de agora en adiante) é

necesario indicar que estas foron entendidas historicamente de diferente xeito e con diferentes finalidades. Ao revisar diferentes documentos que abordan esta cuestión (Diputación de Alicante, s.f.; Monfort, 2011; Morán Alonso, 2010, 2011; Morán Alonso e Hernández Aja, 2011) pódese observar a concordancia na identificación de catro momentos históricos en relación coas HU nas cidades occidentais, tendo unha estreita relación coas situacións de crise -como ferramentas fundamentais de subsistencia, principalmente-:

- **Hortas para pobres (*Poor Gardens*):** A finais do século XIX e principios do XX, coa Revolución Industrial e as masivas migracións de man de obra do campo ás cidades, autoridades locais, empresarios, compañías estatais e institucións relixiosas comezan a proporcionar parcelas ás persoas traballadoras, destinadas a garantir a súa subsistencia, pero tamén o control social: da súa autonomía, hábitos e moral, e afastalas dos movementos obreiros. No Reino Unido, estas parcelas (ou *allotments*) tiveron gran implantación, afianzadas con lexislacións e normativas. Tamén apareceron en EE.UU., Francia e Bélxica, así como en Alemaña, pero cun carácter educativo, comunitario e de xestión asociativa neste caso (Morán Alonso, 2008, p. 2).
- **Hortas de guerra (*War Gardens*):** durante as Guerras Mundiais e as respectivas posguerras, as HU xogaron un papel fundamental como medio de subsistencia (dificultade das cidades para importar alimentos), pero tamén con funcións patrióticas, implicando á sociedade na economía de guerra. Nesta época, o número de HU experimentou un crecemento exponencial, sendo fomentadas por programas gobernamentais e campañas nacionais, e adquirindo incluso un carácter de símbolo ideolóxico na Alemaña nazi. Ao rematar o período bélico, abandónase as HU, adoptando de novo o modelo de abastecemento urbano de alimentos baseado no transporte a longa distancia.
- **Hortas comunitarias (*Community Gardens*):** nos anos 70 rexorden da man de colectivos de base comunitaria, contraculturais e ecoloxistas, sobre todo nos EEUU, nun contexto marcado pola crise enerxética e económica e por procesos de abandono e degradación de zonas urbanas, vinculándose á cohesión social, á calidade ambiental e á educación. Destaca aquí o impulso de movementos sociais, como a *Green Guerrilla*, a cal levou a termo accións para a creación de hortas comunitarias na cidade de Nova York. Por outra parte, en Europa -Países Baixos e Reino Unido-, comezan a aparecer proxectos “cunha forte carga de educación ambiental” (Morán Alonso e Hernández Aja: 2011, p. 7), propiciados polo auxe da “filosofía ecoloxista e os principios da autoxestión” (Morán Alonso, 2008, p. 3).
- **Actualidade:** como sinalan Morán Alonso e Hernández Aja (2011, p. 8), “nas cidades occidentais contemporáneas a agricultura urbana cumpre funcións principalmente de

educación ambiental e alimentaria, terapéuticas, de ocio, de fortalecemento comunitario e [...] de creación de emprego”. Nos últimos anos, as HU están gañando relevancia, tanto en Europa como en EEUU, adquirindo cada vez máis presenza, demanda e diversidade de usos e finalidades: consumo de alimentos locais de calidade, aumento da sostibilidade, a biodiversidade e a calidade ambiental das cidades, contacto coa natureza, cohesión social e intercultural, creación de emprego e cooperativas de produtores, etc.

Así, aínda que “historicamente xogaron un papel de resposta urxente ante o colapso, [...] poderían ser parte dunha estratexia máis ampla que tente revertir a insostibilidade do modelo” (Morán Alonso e Hernández Aja: 2011, p. 2), perspectiva dende a cal ás HU poderían devir nun instrumento idóneo para a práctica dunha EA transformadora.

É necesario sinalar, que a evolución das HU non presentou os mesmos parámetros no caso do Estado español, debido, en gran medida, ao retraso respecto a Europa no que se refire á industrialización e ao consecuente éxodo do rural ás contornas urbanas. Sen embargo, na actualidade, moitas cidades (Barcelona, Madrid, Vitoria, Sevilla, etc.) contan con programas e iniciativas de HU moi potentes, malia que, como apunta Morán Alonso (2011, p. 55), existe unha falta de lexislación específica actualizada no contexto español, a cal si existe noutros países como o Reino Unido ou Alemaña.

Podemos atopar diferentes tipoloxías de HU: hortas de ocio, escolares, comunitarias, etc. De feito, como sinala Morán Alonso (2011, p. 4), existen tamén diferentes denominacións, definicións e concepcións predominantes das HU en cada país. No caso do Estado español predomina o concepto de hortas de ocio, sendo terreos da administración local, xestionados pola mesma, a cal adxudica parcelas a persoas participantes por períodos determinados de tempo, adoitando a ter como obxectivos a recuperación de espazos urbanos, a educación ambiental e a creación de espazos de socialización, e destinándose na meirande parte a segmentos poboacionais (xubilados, desempregados, nenos ou persoas en exclusión social).

É interesante a distinción que Morán Alonso (2008, pp. 15-16) fai entre dous tipos de iniciativas atendendo ao modelo de xestión -municipais e comunitarias-, xa que representan os dous modelos con maior implantación e repercusión no noso contexto. As primeiras, xestionadas por parte da administración local e reguladas mediante programas municipais, consisten en adxudicacións temporais de parcelas de terreo público ás persoas

participantes, estando estas normalmente asociadas a actividades previas de formación. Nas segundas, grupos de persoas, con distintos niveis de formalidade ou organización, autoxestionan terreos con diferentes situacións de propiedade -propia do grupo, cesións, ocupacións ilegais- con diferentes propósitos: estar en contacto coa natureza, fomentar a participación cidadá na xestión do entorno ou por motivos reivindicativos. En xeral, funcionan de xeito asembleario e xeran un alto dinamismo social. Un exemplo desta tipoloxía a podemos atopar na horta comunitaria de San Pedro (Santiago de Compostela), onde un grupo heteroxéneo de persoas cultivan un terreo particular cedido como forma de explorar colectivamente esta actividade produtiva, obter alimentos de calidade e promovela a través de publicacións, encontros de sementes, etc.

Nesta modalidade tamén se encadrarían as iniciativas relacionadas co Movemento En Transición, no cal se aposta polas HU como a ferramenta “máis importante e eficiente para [...] mellorar as condicións de vida e de saúde pública, aforrar enerxía e recursos naturais, e reducir custes de mantemento urbano, [...] contribuíndo así á consecución da sostibilidade social e ecolóxica” (Tijero, 2011, p. 15). Neste sentido traballa nesta universidade o Programa USC en Transición, fundamentos do cal presenta Pardellas (2011) e que inclúe “hortas no campus” como un dos “proxectos concretos de sostibilidade” (p. 15).

Dadas as diversas tipoloxías, as HU presentan un gran abano de posibilidades, algunhas xa identificadas e outras aínda por explorar, para a práctica da EA, dirixida tanto ás persoas que participan directamente na súa xestión e desenvolvemento, como ao resto da cidadanía. A través delas pódense experimentar de xeito directo múltiples procesos ecolóxicos e sociais, así como identificar as súas interrelacións. A partir destas pódese non só sensibilizar e concienciar, senón tamén dotar á cidadanía de estruturas organizativas de tipo comunitario, baseadas na colaboración e as relacións de confianza e de longo percorrido, fundamentadas na colaboración e as afinidades que se xeran en torno ao traballo hortícola. Nesa tesitura, as HU poden converterse nunha ferramenta magnífica para desenvolver unha EA transformadora nos contextos urbanos. Todo depende, claro está, da intencionalidade que revista cada experiencia concreta, o uso que se lle dea e de que xeito se aproveiten as súas potencialidades. Isto dependerá en gran medida da vontade política e das accións desenvolvidas polas persoas que as xestionen, sexa a través das Administracións Locais ou se faga dun xeito colectivo e autoxestionado.

Por último, cabe sinalar que na meirande parte das iniciativas de HU actuais, sexan do modelo que sexan, apóstase pola agricultura ecolóxica como tipo de explotación. Esta

tendencia, entronca co rexeitamento ecoloxista á coñecida como *revolución verde* ou modernización da agricultura, na cal se asumiu, como sinalan Simón, Copena e Rodríguez Amoedo (2010, p. 140) un modelo agrícola fundamentado no uso de produtos industriais (novas variedades de especies, fertilizantes sintéticos, agrotóxicos, sistemas de alimentación animal, de control de pragas e de tracción) baseados no petróleo e os seus derivados, especialización produtiva, patróns de consumo uniformes, dependentes do consumo de animais, desestacionalizados e deslocalizados. Este modelo estaría directamente relacionado coa concentración urbana da poboación e a globalización do comercio de alimentos, atendendo a unha lóxica economicista. Como resposta, apóstase pola agricultura ecolóxica como “sistema de cultivo baseado na óptima utilización dos recursos naturais, que trata de manter a fertilidade da terra e respectar o medio ambiente”, sen usar “produtos químicos de síntese” e buscando “obter alimentos saudables, de maior calidade nutritiva e organoléptica” (Diputación de Alicante, s.f., p. 16).

4.3. Contextualización da experiencia obxecto de investigación.

Preséntanse agora de xeito resumido as características principais da experiencia escollida como obxecto deste estudo -as Hortas Municipais de Belvís, xestionadas polo Concello de Santiago de Compostela (A Coruña)-, e do contexto normativo-institucional e social no que se desenvolve.

Como xa se indicou anteriormente, non existe no Estado español lexislación específica actualizada sobre HU e os seus usos, déficit derivado da inexistencia dunha cultura de HU no territorio español dado polas características peculiares do proceso de industrialización e urbanización ao que se veu sometido (Morán Alonso, 2011), xa que ata a década dos 60 non houberon fortes migracións do campo á cidade. Cabe indicar que durante o franquismo chegou a haber algunha iniciativa institucional, adoptando o modelo de hortas para pobres anteriormente descrito. Neste período elabórase a única lexislación existente referida ás HU, que é, como apunta Morán Alonso (2011), o *Decreto do Ministerio de Agricultura, de 12 de maio de 1950 de cesión de fincas a Concellos, para o establecemento de hortos familiares o para o seu aproveitamento comunal*. Sen embargo, non se pode atopar lexislación específica posterior á Transición. En cambio, no contexto local que incumbe a este estudo (Santiago de Compostela), si existe normativa municipal: a *Ordenanza Municipal do uso de Hortas Municipais constituídas en espazos públicos e do outorgamento das súas autorizacións de uso* (BOP nº 71, de data 28.03.08). Isto indica o compromiso do consistorio no desenvolvemento deste tipo de experiencias malia a falta de

lexislación que o promova. Nesta ordenanza descríbense ás HU da cidade como “un programa social que pretende proporcionar á veciñanza de Compostela, nomeadamente ás persoas maiores, un xeito de ocupar dun xeito san o seu tempo de lecer ao tempo que contribúen ao mantemento e diversificación dos aproveitamentos dos parques e doutros espazos públicos”.

Así mesmo, nin no Libro Branco de Educación Ambiental en España nin na Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA) pode atoparse ningunha referencia concreta á creación ou promoción de HU. Estes documentos si fan referencia á competencia das administracións locais para desenvolver programas de EA, de cara a promover “o proceso de cambio cara a sostibilidade dos modos de vida e de organización social” (Calvo e González, 1999, p. 54), entre os cales se inclúan actuacións referidas, entre outras, ao “fomento do consumo de produtos ambientalmente irreprochables” (VV.AA., 2000, p.56), no que se poderían encadrar, indubidablemente, proxectos de HU.

Neste sentido, o Concello de Santiago de Compostela contou ata o 2011 cun Programa de Educación Ambiental, xestionado conxuntamente coa asociación ecoloxista ADEGA, dentro do cal se facía referencia ás Hortas Municipais de Belvís como destino de visitas guiadas dirixidas a escolares (Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela, 2010). Pero, tal como denuncia ADEGA na súa páxina web², no ano 2011 o Concello compostelá cancelou o programa de EA, polo que, dende entón, a cidade carece dun instrumento programático que guíe a acción municipal neste campo.

En calquera caso, o Concello de Santiago continúa apostando actualmente pola creación e xestión de HU iniciada en 2008 coas Hortas de Belvís. Enténdense estas como os espazos públicos municipais do Parque de Belvís, dispostos polo Concello para a práctica da horticultura mediante cesión de parcelas. Isto comprende tanto as Hortas de Arriba -situadas na parte máis elevada do parque-, existentes dende o 2008 e compostas por 31 parcelas (29 inicialmente), como as Hortas de Abaixo -no cavorco conformado polo regato do Cancelón, xunto ao acceso ao parque pola Rúa da Tafona-, froito dunha ampliación posterior (no 2010) debida á sobredemanda de parcelas, incorporando 27 máis e sumando un total de 58 (ver **Anexo 1**). Como sinala Cienfuegos (2010), esta zona da cidade tradicionalmente tivo usos agrícolas, polo que se decidiu que era o espazo adecuado para instalar ás primeiras hortas urbanas municipais, tal como se fixo.

2 <http://adega.info/info/090121joomla/novas-de-ea/793-o-concello-de-santiago-bota-o-peche-a-10-anos-de-educacion-ambiental>

Non obstante, non se trata da primeira iniciativa deste tipo na cidade, xa que se pode atopar ao menos un precedente de proxecto de creación de HU. Este implicaba a “recuperación dunha antiga zona verde do casco histórico” e o “establecemento do que sería o primeiro xardín hortícola da cidade [...] nas fincas existentes entre as rúas das Hortas, Pombal, San Clemente e Trinidad”, tendo “importantes implicacións culturais, educativas, recreativas e turísticas” (Gómez Segade, 1998, p. 20). O mesmo aspiraba a construírse como “un magnífico centro de ensinanza e aula da natureza para a poboación de Santiago” (Gómez Segade, 1998, p. 22), contemplando tamén o alugueiro temporal de parcelas a particulares. Con este proxecto pretendíase tamén a posta en valor e mellora dunha zona degradada, incluíndo zonas verdes e de lecer. Hoxe en día continúa sendo un espazo desaproveitado no centro da cidade, polo que se pode entender que dito proxecto non se levou a cabo finalmente.

Dez anos despois, en febreiro do 2008, o Concello de Santiago impulsaría finalmente a creación de HU municipais a través do *Proxecto de acondicionamento das hortas de Belvís*, a memoria do cal conforma material de análise deste estudo.

4.4. Xustificación da investigación.

A modo de peche desta introdución teórica, achéganse as razóns que xustifican o interese da investigación que aquí se presenta, destacando a necesidade de afondar nas cuestións formuladas e revisando os estudos previos relacionados.

En primeiro lugar, indicar que a investigación vinculada á EA, e as razóns da súa emerxencia, xustifícanse indiscutiblemente na cada vez máis urxente misión de abordar a crise ambiental dende distintos puntos de vista pedagóxicos, os cales podan achegar alternativas para acadar as transformacións sociais, económicas e políticas necesarias para evitar o colapso global e artellar sociedades responsables e ambientalmente sustentables. Neste sentido, os contextos urbanos xogan un papel crucial debido ao enorme impacto ambiental das grandes concentracións de poboación e dos modelos de abastecemento e xestión de residuos derivados, entre os cales pódese distinguir todo o relativo á subministración alimentaria. Por isto, precísanse “novos procesos de recuperación do espazo urbano que melloren a sostibilidade integral das cidades, tanto a nivel ambiental como relacional”, podéndose identificar as HU como “instrumentos que responden a este requirimento” (Morán Alonso, 2011, p. 5).

Como referente oficial a nivel galego, a EGEA, fai referencia á promoción e consolidación de “vías de estudo que posibiliten a creación e difusión de coñecemento xerado ao redor da *educación ambiental*” (VV.AA., 2000, p. 21), así como a optar “por deseños aplicados que potencien os programas e actuacións que se necesitan”, potenciándose “liñas de investigación definidas e contextualizadas” (VV.AA., 2000, p. 55). Non obstante, ante o escaso alcance desta estratexia, Meira e Pardellas (2010), propoñen “retomar o proceso aberto coa EGEA para darlle un novo impulso” (p. 3), facendo uso “de distintas estratexias e técnicas de investigación socio-educativas para facilitar a triangulación e a complementariedade metodolóxica coa finalidade de captar a complexidade do campo e a diversidade de ámbitos e axentes que o integran” (p. 4). O traballo de investigación que aquí se presenta recolle esa intencionalidade de diagnosticar e dinamizar ámbitos propios da EA, neste caso, mediante propostas de mellora derivadas do estudo das Hortas Municipais de Belvís como potencial escenario e instrumento da acción educativo-ambiental.

En relación aos estudos previos de referencia sobre HU como práctica de EA, indicar que o autor deste traballo non foi capaz de atopar ningún que aborde directamente esta vinculación no contexto do Estado español. Os que si se atoparon e revisaron alíñase máis co campo da planificación e xestión urbanística (Morán Alonso, 2011; Tijero, 2011; Valencia, Neira, Cuesta e Cancela, 2005). A falta de investigación previa -ou de accesibilidade á mesma- vinculada á EA acerca deste tipo de experiencias é motivo suficiente á hora de concibir a necesidade de iniciar estudos sobre estas, os cales permitan dispoñer de maior información sobre as súas posibilidades no campo da EA.

Non obstante, é necesario indicar que actualmente, a través da Oficina de Desenvolvemento Sostible da USC, estase a desenvolver un estudo similar e simultáneo ao que aquí se presenta, centrado no proxecto de hortas que a iniciativa de USC en Transición desenvolve en diferentes espazos da USC na cidade de Santiago (Campo de San Domingos, Colexios Maiores e Burgo das Nacións), o cal verifica o interese dos proxectos de HU para as Ciencias da Educación. De feito, o estudo que aquí se presenta e o mencionado comparten parte dos respectivos cuestionarios que usan como instrumento de recollida de datos, coa finalidade de ter a posibilidade de cruzar resultados no futuro e comezar a xerar coñecemento sobre as cuestións formuladas.³

3 Pardellas, Barral e Miguens (2013).

Para rematar, e para corroborar a pertinencia dunha investigación destas características para un Traballo de Fin de Grao desta titulación, aludir ao Doutor J.A. Caride Gómez, profesor titular desta mesma Facultade e experto de referencia no campo da EA. O mesmo, entende, por unha banda, que “a investigación en Educación Ambiental é, necesaria e inescusablemente, investigación educativa, [...] construída nos escenarios dos saberes pedagóxicos na súa converxencia cos saberes *sociais* e *ambientais*”; e pola outra, que “a investigación é unha compoñente activa e decisivo nas prácticas educativo-ambientais [...], ás que debe axudar a comprender, interpretar e mellorar” (Caride, 2007, p.37). E por último, en canto ao enfoque paradigmático da EA no que se encadra esta investigación, apuntar que este mesmo autor recomenda “poñer énfase na promoción dunha investigación educativo-ambiental que non esquive a consideración da Educación Ambiental como unha educación para a acción” (Caride, 2007, p. 38).

5. METODOLOXÍA:

Metodoloxicamente, este traballo de investigación enfócase como un Estudo de Casos de carácter mixto, no cal se fai uso de técnicas tanto cuantitativas como cualitativas, tendo un maior peso estas últimas en relación coa finalidade do estudo. Óptase por este enfoque metodolóxico porque o que interesa é coñecer, coa maior profundidade posible, o caso concreto obxecto de análise, achegándose a este por diferentes métodos e técnicas cualitativas e cuantitativas, permitindo así estas últimas complementar a información obtida coas achegas do maior número posible de persoas participantes na experiencia. Malia ser un estudo de tipo mixto, ten un carácter eminentemente cualitativo, porque o que interesa é coñecer e analizar a complexidade da experiencia e así poder tratar as cuestións indicadas polos obxectivos deste estudo e extraer as consecuentes conclusións e propostas de mellora, acordes cos mesmos e co enfoque teórico exposto.

O caso obxecto deste estudo son as Hortas Municipais de Belvís (Santiago de Compostela), integrando ás persoas vinculadas directamente con esta experiencia, sexan participantes ou persoas con responsabilidades políticas ou técnicas na súa xestión. Non obstante, a finalidade é facer un uso instrumental do estudo deste caso, pois da resposta aos obxectivos definidos, extráense propostas de mellora que poden ir dirixidas non só á mellora da experiencia concreta, senón tamén doutras deste tipo que se podan desenvolver neste ou noutro contexto similar. É dicir, estúdase este caso concreto de Hortas Urbanas Municipais para coñecer a súa relación coa EA e determinar como afondar na mesma, para que isto poda servir, coa previa e necesaria adaptación ao contexto concreto, para impulsar

novas iniciativas deste tipo ou introducir melloras nas xa existentes, dende a perspectiva dunhas HU baseadas no desenvolvemento dunha EA transformadora.

A poboación e mostra escollida varía en función dos diferentes métodos e técnicas previstos, e se describen en función dos mesmos. Concretamente, os métodos e técnicas que se empregan neste estudo son:

- **Análise documental:** revisión e análise cualitativa da documentación oficial existente sobre o *Proxecto de Acondicionamento das Hortas de Belvís* (2008), elaborado pola Concellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (actualmente Concellería de Sostibilidade, Sanidade e Cemiterios) e xestionado a través do Centro de Información Municipal de Parques e Xardíns e o persoal técnico competente.
- **Método de enquisa:** dirixido a recoller información sociográfica e sobre a participación na experiencia e as percepcións e valoracións das persoas participantes nas Hortas de Belvís (a totalidade da cal é considerada a poboación deste método).
 - **Cuestionario:** confecciónase un modelo único deste instrumento (**Anexo 2**) para ser aplicado *in situ*, seleccionando aos informantes de xeito accidental, é dicir, sendo a mostra as persoas que se atopen participando nas Hortas Municipais durante os períodos de observación de campo. Non se busca contar cunha mostra representativa, senón que a súa significatividade radica en recoller as achegas das persoas que se atopen participando na experiencia durante os mencionados períodos. A aplicación do cuestionario pode ser realizada tanto de xeito autónomo pola persoa entrevistada (coa axuda do entrevistador, en caso necesario) ou mediante entrevista (sendo cuberto polo entrevistador), en caso de ser solicitado pola persoa entrevistada para evitar a interferencia nas súas tarefas hortícolas.
 - Os datos obtidos conforman o obxecto da **análise estatística** (realizada mediante *software* informático), da cal se extraen os resultados necesarios de cara a acadar os obxectivos establecidos. Esta análise será principalmente descritiva, pois o que se busca é complementar o resto de información obtida e non realizar unha abordaxe cuantitativa propiamente dita.
- **Entrevistas en profundidade:** a persoas que, polo seu cargo político ou técnico, resultan clave á hora de chegar información sobre esta experiencia:
 - **Irene López Franco**, Guía de Zonas Verdes e Xardíns (Técnica do Concello con competencias de xestión das Hortas Urbanas Municipais).

- **María Pardo Valdés**, Concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, a cal ostenta as competencias municipais en Medio Ambiente e Parques e Xardíns, entre outras.
- **Elvira Cienfuegos López**, ex-Concelleira de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (2007-2011), no cargo no inicio da experiencia obxecto de estudo e persoa implicada de xeito relevante na súa xestión.

Adóptase un formato de entrevista dunha única sesión por persoa entrevistada, empregando un guiión de entrevista estandarizado para as tres aplicacións (**Anexo 3**), co tal de que permita obter cun uso eficiente do tempo unha comparación sistematizada da información recollida nelas, sen prexuízo das posibles variacións que se poidan derivar do desenvolvemento de cada entrevista.

As citas establécense cun contacto telefónico previo, explicando a motivación das mesmas, para que as persoas entrevistadas puideran preparala, pero sen entrar en maiores detalles que explicar que se trata dun estudo sobre a experiencia das Hortas de Belvís para un traballo académico, e así evitar condicionar a información que puideran ofrecer nas entrevistas. O momento e o lugar é a elección das persoas entrevistadas, para que estas se atopen nun lugar que lles resulte familiar, e polo tanto relaxado e cómodo, e o intercambio de información sexa o máis fluído posible. Neste contacto, solicítase permiso para o uso dunha gravadora durante a entrevista como ferramenta para compilar os datos de xeito máis rigoroso para a súa posterior análise.

A información recollida ten como finalidade ser obxecto dunha **análise cualitativa** que, baseada na revisión e análise das entrevistas ao redor das cuestións formuladas, sirva para coñecer con maior profundidade a experiencia.

- **Observación:** realizada en diferentes franxas temporais co obxectivo de coincidir co maior número posible de persoas participantes, na medida en que o resto de obrigas (académicas e persoais) do autor deste estudo o permitan. O modo de observación adoptado é de tipo activo, mantendo conversacións informais coas persoas participantes da experiencia para ampliar a información recollida na observación, e levando un rexistro a través dun diario de campo, no que se inclúen observacións, apreciacións do investigador e fotografías tomadas durante no escenario de observación. Son obxecto de especial atención hábitos, comportamentos sociais e outros feitos salientables polo seu interese para o estudo, así como achegas,

comentarios e opinións das persoas participantes. Toda esta información está destinada a complementar os resultados da **análise cualitativa**.

6. RESULTADOS:

6.1. Análise documental.

En primeiro lugar, é necesario sinalar que a documentación oficial específica sobre o *Proxecto de acondicionamento das hortas de Belvís* (proxecto impulsor da instalación e xestión das HU obxecto de estudo), así como toda unha serie de documentación asociada, foi facilitada pola Guía de Zonas Verdes do Concello de Santiago de Compostela, Irene López Franco, técnica municipal con competencias na xestión das HU municipais da cidade dende o ano 2010, xa que a mesma non é de dominio público (**Anexo 4**).

A memoria deste proxecto comeza cunha introdución na que se describe a natureza da política ambiental asumida polo Concello, a cal asume o paradigma oficial da EDS e se basea na visión do medio ambiente adoptada no Cumio da Terra (Río de Xaneiro, 1992), coa protección do medio ambiente e o desenvolvemento económico e social como os tres eixos do desenvolvemento sostible, indicando que a Administración Local ten a finalidade de contribuír ao mesmo. O obxectivo fundamental destas políticas sería a difusión, información e sensibilización ambiental, buscando fomentar unha actitude colectiva solidaria co medio ambiente, progresando na mellora da calidade de vida a través do cambio de hábitos da cidadanía.

Ao analizar os principios inspiradores e os obxectivos descritos nesta memoria, pódese observar que non existe unha intencionalidade educativo-ambiental explícita, senón que máis ben a actuación proxectada vai na liña da mellora paisaxística da cidade, mediante a recuperación dos usos tradicionais das zonas verdes, e a de ofertar alternativas saudables de lecer ás persoas xubiladas (o cultivo de hortas). Non obstante, indícase que se lles ofrece ás persoas usuarias a oportunidade de aprendizaxe e formación -mediante estudo, palestras, lecturas e a experiencia directa-, así como que se espera das mesmas as súas achegas, baseadas na experiencia, ao resto da sociedade. Neste sentido, está previsto ofertar, ademais da cesión de parcelas de horta, oportunidades formativas (sobre técnicas de agricultura ecolóxica, rego, etc.), paneis informativos e asesoramento técnico. Ademais, tamén se prevén visitas das escolas da cidade para achegar á poboación escolar o coñecemento do mundo agrícola e da procedencia dos alimentos que consumen.

A continuación, enuméranse resumidamente as condicións de usuario das hortas, descritas dun xeito máis minucioso na Ordenanza Reguladora municipal mencionada anteriormente. Estas condicións inclúen requisitos e procedementos de acceso á cesión das parcelas, o sistema de adxudicación das mesmas, o regulamento de réxime interno e funcionamento, as instalacións dispostas e os dereitos e obrigas asociadas. É salientable que a duración das cesións é de dous anos prorrogables a dous máis, despois dos cales as persoas beneficiarias deben volver a presentar a súa solicitude. Tamén é importante indicar que existe unha orde de prelación, sendo o grupo preferente persoas xubiladas ou prexubiladas veciñas do barrio e a contorna do espazo habilitado, e posteriormente, o resto de xubiladas e prexubiladas da cidade, a veciñanza do barrio e a contorna e, por último, o resto de habitantes da Santiago, na orde indicada.

Seguidamente, o mesmo documento expón as características principais do espazo destinado á instalación das hortas e do ordenamento previsto para cada unha das zonas que o compoñen, indicando instalacións, accesos e usos asociados a cada unha delas, así como da subdivisión das parcelas, de aproximadamente 60m² cada unha. Lembrar que neste proxecto inicial faise só referencia ás Hortas de Arriba, xa que as de Abaixo non serán instaladas ata o 2010 como resposta á gran aceptación da iniciativa e á forte demanda derivada, feito ao que tamén se debe a subdivisión de dúas parcelas (a B-1 e a A-2) das de Arriba. Como se pode observar no plano (**Anexo 5**), resérvase unha zona como horta experimental. Do mesmo xeito, nas Hortas de Abaixo tamén existe unha parcela de maiores dimensión que o resto reservada como horta de referencia (**Anexo 6**). A denominación destas instalacións indican certa vontade de formación ou de albergar experiencias educativas. É necesario sinalar que o número de total de parcelas non indica o de persoas usuarias, xa que se contempla a posibilidade de compartilas entre diferentes persoas, sempre que exista acordo mutuo.

Ademais de todo o descrito, nesta memoria achéganse tamén toda unha serie de indicacións sobre o desenvolvemento das tarefas hortícolas, atendendo a diferentes variables, incluíndo recomendacións sobre diferentes técnicas e especies para o cultivo.

6.2. Análise estatística.

Durante o traballo de campo no escenario do caso estudado, realizáronse oito períodos de observación -no primeiro aínda non se dispoñía do modelo de cuestionario-, entre abril e xullo de 2013. Os cinco primeiros realizáronse en primavera, coincidindo coas

tarefas de acondicionamento das hortas (sachado, abonado, sementado e plantación de plantóns) e cando a climatoloxía permite o traballo hortícola durante todo o día. Os tres restantes realizáronse xa no verán, despois da época de exames universitarios, onde as tarefas fundamentais son as de rego, mantemento e recolección dos cultivos. Durante este período, sobre todo a causa da forte vaga de calor das primeiras semanas da época estival, só era posible o traballo nas hortas a primeira hora da mañá ou a última da tarde. Como xa se indicou no apartado referido á metodoloxía, a selección dos períodos de observación derívanse da dispoñibilidade do autor deste estudo para dedicar tempo a esta tarefa, limitada por outros compromisos de tipo académico e persoal, tentando cubrir na medida do posible a máxima variedade de franxas diarias e horarias. No seguinte cadro preséntase a relación sobre os períodos de observación e aplicación de cuestionarios, indicando o número de persoas entrevistadas en cada caso, o cal dependeu do número de persoas participantes, ás que non se lles aplicara previamente o cuestionario, presentes no escenario. A táboa mostra o número de aplicacións realizadas en cada sesión.

Táboa 1. Relación das sesións de observación e aplicación de cuestionarios.

Día	Franxa horaria	Tipo de período	Cuestionarios aplicados
Mércores 17 de abril	9h - 13h	Entre semana - Mañá	Non dispoñible aínda
Sábado 29 de abril	16h - 21h	Fin de semana - Tarde	14
Mércores 24 de abril	10h -13h	Entre semana - Mañá	3
Mércores 1 de maio	10h -12h	Entre semana - Mañá	0
Venres 3 de maio	10h – 13.30h	Entre semana - Mañá	4
Martes 25 de xuño	10.30h – 12.30h	Entre semana - Mañá	1
Venres 5 de xullo	21h - 22h	Entre semana - Tarde	4
Martes 9 de xullo	20.40h - 22h	Entre semana - Tarde	5
Nº TOTAL DE CUESTIONARIOS APLICADOS			31

Fonte: elaboración propia.

Como se pode observar, case a metade dos cuestionarios aplicáronse na única sesión realizada en fin de semana. É necesario indicar que nas posteriores sesións atopábanse moitas veces a persoas xa entrevistadas nesta, feito que indica que existe unha diferenza significativa na asistencia ás hortas entre as persoas participantes.

Os cuestionarios aplicáronse tanto nas Hortas de Arriba como as de Abaixo, distribuíndose o total de 31 cuestionarios aplicados de xeito desigual: 21 nas de Arriba e 10 nas de Abaixo. Hai que ter en conta que nas Hortas de Arriba o número de parcelas é lixeiramente superior (31 fronte ás 27 das Hortas de Abaixo), e polo tanto é lóxico entender que o número de participantes tamén sexa superior, malia que pode variar a proporción pola

posibilidade de compartir unha mesma parcela entre diferente número de persoas. Neste sentido, tamén é necesario contemplar que o tamaño das parcelas das Hortas de Arriba (sobre 60m²) é tamén superior respecto ás de Abaixo (40m²), polo que se prestan máis ao traballo compartido entre varias persoas.

A continuación preséntanse os resultados estatísticos obtidos nesta análise. Os gráficos que os ilustran inclúense no documento **Anexo 7**, debido á limitación establecida na extensión do presente documento e tamén por ser considerada a abordaxe cuantitativa como secundaria ou complementaria para este estudo.

a) Perfil sociográfico das persoas participantes nas Hortas Municipais de Belvís:

Para presentar a información obtida respecto a cuestións socio-demográficas, comezar indicando que o número de participantes de **sexo** feminino (54,84%) é significativamente superior ao masculino, como se pode apreciar no Gráfico 1 (**Anexo 7**).

En canto á **idade** das persoas participantes, hai unha ampla diferenza entre a máis novas (31 anos en dous casos) e a máis veterana (87 anos), integrando unha franxa de idade de 56 anos de diferenza entre os seus extremos e estando a media situada en aproximadamente 51 anos. Resulta sorprendente comprobar que, malia ser as persoas de idade máis avanzada (xubiladas e prexubiladas, segundo o establecido pola normativa emanada polo Concello) o grupo de preferencia na orde de prelación á hora de conceder a cesión das parcelas, este non é en absoluto o grupo de idade predominante, senón que este estaría conformado polas participantes máis novas. Dividindo os casos en tres grupos (de menos de 45, entre 45 e 65 e maiores de 65), no Gráfico 2 (**Anexo 7**) vemos que case a metade das persoas usuarias pertencen ao primeiro destes grupos, mentres que as persoas maiores apenas supoñen pouco máis dun cuarto do total.

Polo que fai á **formación académica** (Gráfico 3 -**Anexo 7**-), o grupo con estudos universitarios básicos (diplomaturas, licenciaturas, etc.) é o máis numeroso (14 casos). En relación ás **ocupacións** (Gráfico 4 -**Anexo 7**-), a parte do grupo de persoas xubiladas que coincide loxicamente co de maiores de 65 anos, as máis frecuentes son de tipo administrativo (22,58%), seguido por profesionais do campo da Educación (12,9%) e da Saúde (9,58%). É salientable que só unha persoa declara estar en situación de desemprego, á que se podería sumar outro caso -dun alumno-traballador nun obradoiro

(programa para persoas desempregadas)-, o que significa que o resto, o 67,8% da mostra, é poboación activa. Este dato é moi significativo nun momento de crise e altas taxas de desemprego como o que estamos a vivir, ademais de indicar que a maioría das persoas participantes compatibilizan o traballo na horta coa súa actividade laboral.

En canto á **procedencia** das persoas participantes, hai unha leve superioridade das nadas nun contexto rural (53,57%) sobre as que proceden de contextos urbanos, sendo a meirande parte doutros puntos de Galicia, cunha maior predominancia da procedencia rural (63,3%) entre estas persoas. Só o 9,68% das persoas entrevistadas é orixinal de Santiago, por debaixo incluso das persoas procedentes de fora do Estado español (19,4%) (ver Gráfico 5 -**Anexo 7**-). Ao fixarnos nos **barrios de residencia actuais** dos e das participantes na cidade de Santiago, atópase unha gran dispersión, indicándose ata 15 barrios diferentes, aínda que isto pode deberse á dificultade para identificar algunhas zonas da cidade como tales, as cales poderíanse entender por separado ou de xeito conxunto, depende da perspectiva de cada quen. Así, malia que as persoas veciñas da zona tiñan preferencia na cesión de parcelas respecto ás do resto da cidade, a norma é a dispersión, aínda que, como se pode observar no Gráfico 6 (**Anexo 7**), o grupo de zonas máis próximas ás hortas (esquerda no eixo X) presentan maiores frecuencias que o resto de barrios, aínda que non tan significativas como cabería esperar tanto pola situación das HU como pola prelación establecida no proxecto e a ordenanza municipal que regula esta iniciativa.

b) Índices de participación nas Hortas Municipais de Belvís:

Centrándose xa na relación dos e das participantes coas Hortas Municipais de Belvís, a media de **antigüidade na experiencia** é de 3'02 anos, podéndose apreciar que existe un grupo significativo de persoas que forman parte das HU dende os seus inicios, hai xa 5 anos. É salientable, que, malia a lóxica de prazos de concesión de parcelas, aparecen casos na que a súa antigüidade non coincide cos mesmos, o cal pode darse polas incorporacións de participantes que traballan de xeito colaborativo en parcelas concedidas a outras persoas (ver Gráfico 7 -**Anexo 7**-). De feito, algo máis da metade, o 51,6%, non son os ou as **titulares nominais das parcelas** que traballan, senón que participan en colaboración nos termos establecidos á hora de compartir parcela entre varias persoas. Así mesmo, a media de **persoas por parcela** é de 2, atopando parcelas traballadas por tres e, en menor medida, por catro persoas. As **relacións** máis frecuentes que unen ás **persoas que comparten parcela** (Gráfico 8 -**Anexo 7**-) son as familiares (38,10%), pero con pouca diferenza sobre as relacións de parella e de amizade.

En canto á **participación** das persoas enquisadas **en organizacións ou colectivos sociais**, só un 30% afirma pertencer a algunha, reducíndose esta proporción ao 10,3% cando a referencia específica é a **organizacións ecoloxistas** ou que traballen temas de tipo ambiental. Menciónanse en concreto colectivos como Verdegaiá, Ecoloxistas en Acción, ADEGA e o Proxecto Integral Compostela. En canto ao resto de colectivos aos que manifestan pertencer algunhas das participantes aparecen asociacións veciñais, sindicatos, agrupacións culturais e ONGs. En canto á **participación noutras actividades relacionadas** co medio ambiente e/ou a agricultura a porcentaxe ascende lixeiramente (33,3%), repartido entre as que son de tipo social ou colectivo -dirixidas cara unha incidencia social-, cun 55,6%, e as de tipo individual ou familiar -xeralmente, traballo agrícola en terreos propios ou familiares-, co 44,4% restante. En relación con este último punto, o 67,7% das persoas enquisadas declaran ter experiencia previa en actividades de horta, sendo a maioría en hortas propias ou familiares (76,2%) e repartíndose o resto en actividades relacionadas coa formación e a actividade profesional (9,5% cada opción) e, en menor medida, co voluntariado (4,8%).

Polo que fai á participación nas Hortas Municipais, a media de **horas semanais** dedicadas ao traballo hortícola está próxima ás 10 horas, presentando, non obstante, unha dispersión moi alta ($S=10,097$), e estando o 83,9% dos casos por debaixo da media, e o 32,2% por debaixo de 5 horas. Isto sucede porque dúas persoas declaran dedicarlle 42 horas á semana, sendo valores extremos que desvirtúan a media. Así mesmo, en canto ao **número de días á semana**, a media está en algo máis de 4 días (4,26), sendo as persoas que asisten todos os días o grupo máis numeroso (o 42,1%), seguido polas que só o fan dous días (36,8%). Na **distribución** destes días (Gráfico 9 -**Anexo 7**-), o 41,94% declara ir ás hortas tanto entre semana como fin de semana, mentres que un 25,81% di non ter costume de ir uns días específicos, senón que os días de asistencia dependen da súa dispoñibilidade. En canto á **franja horaria de preferencia** (Gráfico 10 -**Anexo 7**-), outro 41,94% afirma que só vai ás hortas polas tardes e un 22,58% tanto pola mañá como pola tarde.

En relación á **formación recibida vinculada** a esta experiencia, un 58,1% afirma non ter participado en ningún proceso formativo relacionado coas Hortas Municipais. Dentro da formación que afirma ter recibido o 41,9% restante, destaca a referida a agricultura ecolóxica (29%). Outras temáticas sobre as que algunhas persoas din ter recibido formación son as seguintes: horticultura, medio ambiente e uso responsable de recursos (cun 12,9%

cada unha), agroprodutos (9,7%), cooperativismo, soberanía alimentaria e sostibilidade (6,5% respectivamente). Como se pode observar, os índices de formación recibida son moi baixos.

En canto ás **relacións** que se establecen **entre** as persoas **participantes**, pódese afirmar que existe unha gran cooperación entre as mesmas, pois un 51,6% asegura realizar intercambios co resto de participantes e o 41,9% di que, ademais de intercambiar, colabora activamente en tarefas de horta. Só un 6,5% admite non manter relacións sociais máis aló de conversas esporádicas. Entre os **tipos de intercambios** declarados (Gráfico 11 -**Anexo 7-**), destaca que no 72,41% dos casos inclúen todos os tipos (de sementes/plantóns, de consellos e de produtos da horta), aínda que tamén hai un 17,24% que descarta o intercambio de produtos, entendidos como a colleita das respectivas parcelas.

c) Motivacións, apreciacións e valoracións das participantes na experiencia.

En referencia ás **motivacións** á hora de participar no programa de Hortas Municipais, entre as sinaladas no cuestionario mediante unha proba de escala, as que reciben unha maior concordancia por parte das persoas enquisadas son, nesta orde de relevancia, as relacionadas co mantemento dun estilo de vida responsable co medio ambiente, a produción de alimentos saudables e de calidade e para dar exemplo ou concienciar a outras persoas. Estas tres opcións non só obteñen unha media máis alta respecto ás demais, senón que tamén presentan unha menor dispersión nas respostas.

Táboa 2. Motivacións.

	Ocio e tempo libre	Formación	Compartir coñecementos	Facer exercicio	Relacións Sociais
Media	3,45	3,03	2,97	3,06	3,32
Desv. típ.	1,546	1,602	1,516	1,692	1,301
	Alimentación económica	Alimentación saudable	Estilo vida responsable	Dar exemplo/Concienciar	
Media	2,29	4,42	4,52	3,65	
Desv. típ.	2,02	,807	,570	1,279	

Fonte: elaboración propia.

É preciso destacar que, tanto as motivacións vinculadas ao lecer como ao exercicio físico, ambas as dúas entendidas como eixo do proxecto inicial das Hortas Municipais, non reciben unha puntuación media máis alta do 3,5 (sobre 5), situándose en cuarto e sexto lugar respectivamente na orde de relevancia. Cabe sinalar que varias persoas enquisadas

achegaron outras motivacións diferentes ás contempladas inicialmente. O 16,1% expresou motivacións relacionadas con cuestións de saúde ou usos terapéuticos, mentres que as motivacións vinculadas a cuestións culturais ou ao pracer que supón a práctica hortícola son recoñecidas polo 6,5% respectivamente. Outras motivacións indicadas son de tipo relacional e por saír de casa, así como polo contacto coa natureza e tamén para ensinar aos fillos.

Polo que fai ás **percepcións** das persoas enquisadas **sobre como lles ten afectado a súa participación na experiencia** ata o momento, preguntábase acerca dunha serie de cuestións de diferentes ámbitos: a práctica hortícola, a conciencia ecolóxica, os hábitos de comportamento asociados á mesma, a implicación persoal neste sentido e as relacións sociais. En xeral, as persoas participantes das Hortas Municipais perciben cambios sobre todo no que fai referencia ao aspecto máis directamente vinculado á experiencia, é dicir, á práctica hortícola. Así, a media cun valor máis alto (e con menor dispersión) a obtén o ítem referido ao uso de fertilizantes naturais (compostaxe, ecolóxicos, etc.), seguido polo que alude á práctica da agricultura ecolóxica. O resto de cuestións presentan medias situadas entre os valores 3 e 4, a excepción da que se refire á participación en colectivos en defensa do medio ambiente, a cal recibe a menor puntuación. En cambio, a media sube cando se cuestiona a predisposición para participar en experiencias similares. En canto aos cambios relacionados coa conciencia ecolóxica, o que recibiu unha maior aceptación é o que se pode considerar que está máis directamente vinculado á práctica da agricultura ecolóxica, referido á preocupación pola calidade e procedencia dos alimentos que se consumen. En relación cos hábitos, destaca a mellor xestión dos residuos e, no plano relacional, a mellor relación entre as participantes da experiencia, pero non tanto coas súas respectivas veciñanzas.

Táboa 3. Cambios relacionados coa práctica hortícola.

	Máis coñecementos agrícolas	Practica da agricultura ecolóxica	Uso de fertilizantes naturais
Media	3,71	4,29	4,61
Desv. típ.	1,243	1,216	0,8

Fonte: elaboración propia.

Táboa 4. Cambios relacionados coa conciencia ecolóxica.

	Calidade e procedencia dos alimentos	Pegada ecolóxica do consumo de alimentos	Crise alimentaria global	Problemáticas ambientais
Media	3,77	3,58	3,29	3,42
Desv. típ.	1,146	1,025	1,296	1,177

Fonte: elaboración propia.

Táboa 5. Cambios relacionados cos hábitos.

	Mellor xestión da auga	Mellor xestión dos residuos	Adaptación dos hábitos aos ecosistemas
Media	3,58	3,84	3,10
Desv. típ.	1,148	1,098	1,136

Fonte: elaboración propia.

Táboa 6. Cambios na implicación persoal.

	Predisposición a participar noutras experiencias	Participación en colectivos de defensa do medio ambiente
Media	3,74	2,17
Desv. típ.	1,365	1,367

Fonte: elaboración propia.

En canto aos efectos a nivel individual e social polos cales as persoas enquisadas perciben a **importancia** da experiencia **das HU**, pódese observar que hai un xeneralizado ascenso das medias e menor dispersión nas respostas. De novo, o máis valorado é o máis directamente vinculado á práctica agrícola (aprender a producir alimentos), pero tamén aparecen cunha alta valoración media as cuestións relacionadas coa autoestima e co factor cultural. Por outra banda, os efectos menos valorados son os referidos á concienciación sobre cambios de hábitos de consumo e á aprendizaxe sobre cuestións medioambientais.

Táboa 7. Importancia das HU.

	Aprender producir alimentos	Aprender novas técnicas máis ecolóxicas de agricultura	Aprender sobre o medio ambiente	Compartir tempo con persoas interesadas na agricultura
Media	4,65	4,35	4,00	4,06
Desv. típ.	,608	,915	1,125	1,124
	Mellorar as relacións veciñais	Recuperar a cultura tradicional	Sentirse mellor cun/ha mesmo/a	Concienciar sobre o cambio de hábitos consumo
Media	4,19	4,45	4,58	3,97
Desv. típ.	,910	,810	,765	1,110

Fonte: elaboración propia.

No concernente ao **impacto percibido** das Hortas Municipais sobre a vida de diferentes grupos sociais, esta percepción garda unha relación directa co grado de vinculación dos mesmos á experiencia. Así, onde máis se percibe o impacto é sobre as

persoas participantes, seguidas polas visitantes ocasionais.

Táboa 8. Impacto das Hortas Municipais.

	Impacto nas participantes	Impacto nas visitantes	Impacto na veciñanza	Impacto na cidade
Media	4,29	4,03	3,94	3,55
Desv. típ.	,824	1,140	,929	1,179

Fonte: elaboración propia.

E xa para finalizar con este apartado, das **valoracións** realizadas polas persoas participantes destaca, por unha banda, que a valoración xeral de experiencia aparece como a máis puntuada, cunha significativa diferenza respecto ás outras tanto na media como na dispersión das respostas, e, pola outra, que hai unha valoración significativamente alta do uso educativo das Hortas Municipais, malia que as actividades formativas asociadas á mesma sexan o menos valorado.

Táboa 9. Valoracións.

	Valoración xeral	Valoración xestión Concello	Valoración persoal técnico	Valoración actividades formativas	Valoración uso educativo
Media	4,65	3,23	3,23	2,10	3,84
Desv. típ.	,661	1,117	1,165	1,106	1,068

Fonte: elaboración propia.

6.3. Análise cualitativa.

Para centrarse xa nos aspectos máis cualitativos deste estudo, exponse neste apartado a análise cualitativa das entrevistas en profundidade realizadas, complementadas polas notas de campo recollidas durante os períodos de observación. As gravacións rexistradas nas entrevistas foron transcritas para optimizar a súa análise, recolléndose no documento **Anexo 8**. Así mesmo, as notas de campo das observacións, ilustradas con fotografías tomadas no escenario, rexistráronse nun Diario de Campo (**Anexo 9**).

En relación ás entrevistas, é necesario indicar que só se puideron realizar dúas das tres previstas, pois resultou imposible concertar unha cita coa actual Concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, María Pardo Valdés, malia tentarse por diversos medios -vía telefónica, correo electrónico e incluso mediante solicitude formal de entrevista a través do Rexistro de Entrada oficial do Concello (documento **Anexo 10**)-. Ante a imposibilidade de concertar unha cita, decidiuse desistir ao entender que non había vontade de conceder a entrevista por parte de mesma. Isto é, canto menos, significativo,

pois as outras dúas entrevistadas atenderon inmediatamente e con moita predisposición á petición, facilitando que a entrevista tivera lugar aos poucos días de concertar a cita, e sobre todo en canto que a actual Concelleira é, nestes momentos, a responsable política da área de actuación municipal na que se desenvolve a experiencia obxecto de estudo. Polo tanto, a seguinte exposición de resultados, extraídos da análise cualitativa, céntrase nas achegas das entrevistas realizadas á técnica actual responsable da xestión das Hortas Municipais, Irene López Franco -efectuada o martes 9 de abril do 2013-, e á ex-Concelleira de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Elvira Cienfuegos López -realizada o 14 de maio do 2013-.

Nunha **descrición xeral**, a primeira entrevistada destaca a viabilidade económica da experiencia e os seus beneficios políticos e sociais, xa que ten moita aceptación dado que a xente bota de menos o seu orixe rural. A segunda, destaca que sexa un espazo vivido, de interese para a cidadanía. Nas observacións se puido apreciar unha vida social moi dinámica nos espazos das Hortas, tanto polo que fai ás interaccións entre persoas participantes, como destas coas visitantes ou mesmo con persoas que paseaban pola zona. Tamén destaca por ser unha zona de lecer moi empregada por persoas de diferentes idades e con múltiples usos, xa sexa comer ao aire libre nas mesas da zona de lecer, ler nalgún dos bancos dispostos, contemplar e comentar as hortas, etc.

En canto aos **obxectivos**, ambas as dúas apuntan a súa orientación cara á xente maior, en clave de saúde mediante o exercicio e tamén polo intercambio interxeracional que se xera, o cal se fai evidente a través da observación no espazo, pois se pode ver xente de moi diferentes idades traballando xuntas nas hortas, compartindo consellos, aprendendo as unhas das outras, intercambiando, etc. Neste sentido, Cienfuegos engade que se potencia a integración da xente maior ao adquirir unha nova importancia dentro da sociedade. Tamén coinciden as entrevistadas na recuperación do traballo tradicional da horticoltura, ao cal Cienfuegos especifica que tivo moito arraigo histórico na cidade. As propias participantes das Hortas resaltan a importancia de recuperar a tradición agrícola galega, sobre todo entre a xente máis nova que perdeu o contacto coa terra. Ademais, as dúas entrevistadas tamén destacan o fomento da práctica agrícola, matizando Cienfuegos que se fai na súa vertente ecolóxica. Respecto a isto, moitas das participantes xáctanse de facer agricultura ecolóxica, o cal se aprecia no uso que fan do compostaxe e outros fertilizantes naturais, así como na experimentación de métodos vinculados a esta corrente agrícola, como os bancais profundos ou a asociación beneficiosa de plantas. Sen embargo, un dos participantes enquisados achegou a súa reflexión sobre a imposibilidade de practicar agricultura ecolóxica

en sentido estrito nas Hortas Municipais, pola falta de rigor dalgunhas persoas participantes nesta práctica, o cal afecta tamén ao resto de parcelas, así como polo feito de desenvolverse dentro dunha cidade, cos problemas de contaminación do aire e a terra derivados.

No referido aos **antecedentes**, López Franco menciona que a idea procede do contacto con cidades europeas irmandadas con Santiago nas que xa se tiña experiencia ao redor destas iniciativas, mentres que Cienfuegos indica o exemplo de Barcelona como inspirador do proxecto. A mesma, apunta a que a idea xorde tamén da reflexión sobre os parques como promotores de saúde e como aproveitar as súas posibilidades. Engade tamén que se escolleu a situación no Parque de Belvís pola súa centralidade e a súa proximidade ao activo e participativo barrio de San Pedro, así como pola presenza histórica de hortas nesa zona, con espazos construídos e aproveitables para ese propósito, sinalando que a posta en marcha dos preparativos do proxecto remóntanse ao ano 2007 coa toma de decisións, selección do espazo, redacción das normativas, etc.

Da **situación actual**, a técnica manifesta que van a máis e cada vez espertan maior interese na cidadanía, co cal a ex-Concelleira coincide, xa que estanse desenvolvendo ampliacións, como a actual de Fontiñas -onde tamén se ceden parcelas a asociacións- ou a que está aínda por desenvolver nas Brañas do Sar (Pontepedriña), para satisfacer a demanda e a boa acollida da poboación. A pesar de todo, esta última lamenta que non se avanzou na mellora das infraestruturas nos espazos nin en crear estruturas organizativas entre as participantes. En referencia a isto, xa nas últimas sesións de observación, unha persoa enquisada mencionou que o día 3 de xullo celebraron unha reunión de participantes das hortas, convocada pola técnica a petición destas, para abordar temas relacionados cos gastos comúns, arranxos necesarios, etc. Non obstante, puntualizaba que estas reunións non era nada frecuentes nin existía ningunha organización estable entre participantes.

En canto ás **perspectivas de futuro**, a primeira entrevistada afirma que se vai apostar por cubrir as necesidades da poboación, facendo máis hortas, como as máis de 100 parcelas proxectadas en Pontepedriña, mentres que a segunda di que, ademais de seguir fomentando a agricultura ecolóxica, habería que incidir noutros aspectos, como a conexión co Mercado Entre Lusco-e-Fusco (mercado de produtos ecolóxicos que se celebra no parque de Belvís cada martes ao serán) e co C.I.A.C. (Centro de Educación Ambiental de Compostela, situado tamén no mesmo parque), onde se poderían desenvolver actividades complementarias como xa se fixo anteriormente, ou no afianzamento dunha cooperativa de

consumo e o acondicionamento do nomeado *Catalizador de Belvís* (antiga edificación situada no parque actualmente en proceso de reforma), para que sirva como promotor de actividades de intercambio e apoio ás actividades das hortas -exposicións, palestras, etc. relacionadas coa agricultura ecolóxica, o tempo libre ou a creatividade-, promover actividades no aire libre respectuosas coa natureza dende a saúde e a ecoloxía e conter servizos adicionais como aseos, cafetería ou almacén.

Polo que fai á **relación** que manteñen, ou mantiveron no seu momento, as entrevistadas **coas hortas**, a técnica afirma actuar de intermediaria entre as persoas participantes, por unha banda, e o Concello e a empresa adxudicataria da xardinaría dos parques e xardíns da cidade (CESPA), pola outra, así como organizar o que se precise, solucionar problemas, etc. Cabe puntualizar, non obstante, que en ningún momento das sesións de observación se constatou a súa presenza no espazo, ademais de que algunhas das participantes enquisadas manifestaron descoñecer quen era a técnica actual. Pola súa parte, Cienfuegos indica que tivo unha relación directa dende a xestión da idea e do proxecto, que se mantivo durante todo o tempo no que ostentou o seu cargo político, realizando visitas frecuentes ao espazo e coñecendo os problemas, necesidades e inxerencias das participantes. Tamén asegura que gustaba de conversar coas mesmas e comprobar que a experiencia respondía ás expectativas. Ademais, asumía funcións de interlocutora con outros Concellos e institucións (educativas e técnico-profesionais) interesadas, coa finalidade de espallar a outros contextos este tipo de experiencias, así como de contacto de referencia para a prensa. Actualmente di seguir mantendo algunha relación porque foi para ela unha experiencia moi vivida e gratificante. Entre as participantes, algunhas lembraron o papel de Cienfuegos como impulsora da experiencia.

Das **potencialidades** que identifican respecto á experiencia das Hortas Municipais, López Franco resalta a aceptación que teñen as mesmas e a presenza ininterrompida de participantes nos espazos que as conforman, o cal pode servir de base para desenvolver calquera iniciativa que se formule. Tamén indica que gardan un gran potencial en clave de satisfacción de necesidades sociais, sexan de tipo relacional, de ocio ou para facer exercicio. Neste sentido, algunhas das participantes enquisadas durante as observacións manifestaron que as Hortas Municipais eran unha experiencia moi positiva en diferentes eidos, sobre todo a nivel relacional e en relación coa saúde física e psicolóxica, e que se debería replicar noutros lugares, para que máis persoas puideran beneficiarse. Cienfuegos sinala que xa se cumpriron os obxectivos previstos -que fora un espazo de intercambio de experiencias e coñecementos, promotor de relacións e da agricultura ecolóxica-, pero que

se podería insistir máis na cuestión da organización das persoas participantes e en desenvolver máis iniciativas formativas.

Polo que fai ás **limitacións**, a técnica resalta a falta de medios e infraestruturas (caseta, ferramentas, etc.), sobre todo nas Hortas de Abaixo, mentres que a ex-Concelleira non entende que existan, pois di que é unha experiencia con moita flexibilidade. Entre as persoas participantes, as problemáticas manifestadas como máis recorrentes son os frecuentes roubos de produtos da horta e ferramentas, o cal dificulta o desenvolvemento e mesmo produce certa desmotivación nalgúns casos, e o desaproveitamento dalgunhas parcelas, feito que provoca malestar entre as participantes que si as traballan, pois entenden que poderían ser aproveitadas por outras persoas, establecendo acordos de colaboración, pero que de momento non se está poñendo solución a estas problemáticas.

Por outra banda, as dúas entrevistadas coinciden nas súas consideracións sobre o **perfil das participantes**, pois as dúas sinalan que malia ser as persoas maiores o grupo de preferencia como participantes da experiencia, este é minoritario fronte á xente máis nova. Cienfuegos matiza estes dous grupos dicindo que entre as persoas maiores hai as que tiñan xa experiencia agrícola, pero que tamén hai algunhas que se están iniciando mediante esta experiencia, e que entre a xente nova destacan os aspectos máis lúdicos ou comunitarios e por tratarse en xeral de persoas con estudos relacionados que teñen interese en experimentar coa práctica hortícola.

En canto ao **grado de implicación** das mesmas, a segunda entrevistada menciona que non se pode distinguir entre estes grupos, pero que as máis novas atoparon un gran apoio para aprender das máis maiores sobre o cultivo, as técnicas que facilitan o labor, a conseguir mellores resultados, etc. Tamén evidencia que as que máis tempo pasa nas hortas soen experimentar máis. López Franco, pola súa parte, resalta que se da moita interacción, incluso coa veciñanza da zona, e tamén á hora de compartir gastos na compra de sementes, plantóns ou outros produtos, dándose o que menciona como “solidariedade hortícola”. A implicación de cada quen, di, depende en gran medida da cantidade de tempo libre do que dispoña para participar. Todo isto corrobórase na observación directa da experiencia e coas achegas das participantes. Por unha banda, atópanse persoas maiores que se converteron en toda unha referencia para as demais participantes. De feito, unha delas ten en adxudicación permanente a horta máis extensa con moita diferenza (por un acordo especial a causa das necesarias expropiacións), sendo considerada oficialmente como “horta de referencia”. Este home de idade avanzada é considerado polas demais

como unha fonte de coñecementos agrícolas de referencia para todas. Pola outra, pódense apreciar grandes diferenzas na implicación das participantes: mentres unhas case non dedican tempo ás súas parcelas, outras mostran orgullosas o froito do seu traballo constante e gábanse de ter a horta ben coidada. Incluso hai quen non só coida da súa parcela, senón que tamén mantén as lindantes e coida os espazos comúns, como as sendas de acceso. En canto a asunción da agricultura ecolóxica, hai quenes son acérrimas defensoras, e outras, por un ou outro motivo, son máis escépticas. Sen embargo, en xeral hai unha cohesión bastante notable, sobre todo perceptible nas Hortas de Abaixo, cun gran sentimento de identidade como comunidade, de defensa dos bens comúns, etc., así como unha gran predisposición a colaborar e a compartir coñecementos e experiencias ou mesmo conversar, incluso con persoas externas á experiencia, como é o caso do autor deste estudo.

Ao abordar os **compromisos** que adquiren ás dúas partes implicadas na experiencia obxecto de estudo, o Concello e as persoas participantes, as dúas entrevistadas remiten ao estipulado nas ordenanzas. É dicir, que por parte das participantes hai que ter a horta coidada -cada quen co seu método, tradicional ou experimental- e non deixala abandonada, así como practicar agricultura ecolóxica, sen empregar herbicidas, pesticidas, abonos sintéticos, etc. E por parte do Concello, López Franco di que radican no mantemento das instalacións e en proporcionar formación en agricultura ecolóxica, aínda que recoñece que esta é bastante básica ou “daquela maneira”. Cienfuegos, pola súa banda, sinala como compromisos do Concello facer un seguimento, abrir e pechar portas, manter unha coordinación, facer de transmisor e manter unha correspondencia cos servizos de mantemento dos parques. En definitiva, asegurar unha comunicación permanente bidireccional a través dunha persoa co cargo de visitar as hortas e ir falando coas participantes para coñecer as necesidades, cuestións que se demandan, etc. -estase referindo á técnica do Concello-. No referente ao mantemento das instalacións, puido apreciarse a frecuente presenza da empresa encargada do mantemento de parques e xardíns municipais traballando no espazo das Hortas, pero non se percibiu tanto esa comunicación permanente bidireccional. Tampouco se puido constatar a presenza da técnica no espazo en ningún dos períodos de observación.

En relación ás **necesidades** ou **demandas** das participantes, a técnica di que sobre todo se solicitan infraestruturas (caseta para deixar as ferramentas pechadas). En canto aos recursos formativos, esta di que cando lle solicitan lles prepara e lles manda algún texto en formato dixital (PDF). A ex-Concelleira, en cambio, destaca a preocupación polos roubos de hortalizas e ferramentas, ante o cal se pensou pechar o espazo, pero desestimouse por ser

contrario á intención de que fora un espazo aberto, compartido co resto da cidadanía. En referencia á formación proporcionada, as participantes denunciaban, nalgúns casos, que esta era nula, e noutros, que si ben algo houbo no inicio neste sentido, foi escasa e algo precaria. De feito, manifestaron que debería incidirse máis neste sentido, pois percibían esta carencia formativa.

A parte das persoas participantes, ao considerar **outras potenciais destinatarias**, ambas as dúas lembran que as hortas pódense visitar e que, efectivamente, son moi visitadas -xa sexa por familiares ou amizades das participantes ou por xente que simplemente pasa por alí-, así que poden ser gozadas por calquera. Ademais, menciónase tamén o uso como ferramenta didáctica en visitas escolares, o cal foi moi valorado polas participantes das hortas, pois consideran moi positivo que a rapazada coñeza a orixe dos alimentos e gustan moito de transmitirilles a súa experiencia.

No referente a **outras institucións relacionadas** coa experiencia, a técnica apunta que outros concellos de Galicia (Ourense, Vigo, Lugo...) “copiaron” a iniciativa para aplicala nos seus municipios, así como tamén houbo moito interese por parte da prensa e universidades como a de Vigo. Cienfuegos di que hai que entendelas hortas como enmarcadas na rede de parques da cidade, coa funcionalidade que estes teñen de mellora do benestar e da saúde, de xerar espazos de convivencia, encontro e socialización, de contacto coa natureza. Así mesmo, López Franco engade como **recurso** do que pode dispoñer a experiencia das hortas o xa mencionado Mercado Entre Lusco-e-fusco, onde as participantes poden intercambiar coñecementos hortícolas, conseguir sementes e produtos ou vender produtos derivados das súas hortas, sempre que sexan elaborados cos excedentes (por exemplo, marmeladas). Algunha participante tamén mencionou a venta de produtos elaborados a partir da colleita da súa parcela na Feira do barrio de San Pedro. Un recurso que anteriormente foi utilizado con diferentes finalidades, tanto didácticas como para proporcionar plantóns ás participantes, foi a horta experimental. Sen embargo, na actualidade atópase en desuso como se puido comprobar nas observacións e corroboraron as participantes.

Das posibles **actividades vinculadas** á experiencia, a técnica destaca a participación das Hortas Municipais na rede de compostaxe de Santiago, situándose nas Hortas de Arriba un compostador colectivo destinado colaborar con esta rede municipal. A ex-Concelleira entende que as hortas debían ter autonomía neste sentido, e que o Concello podía apoiar pero non dirixir. Sen embargo di que existían propostas de actividades en torno

á agricultura ecolóxica (sobre pragas, conservación do terreo e dos produtos, etc.) e que se suxeriron ás participantes, para tratar de traballar neste sentido, pero que non se puideron facer moitas a causa da falta de dispoñibilidade destas. Tamén engade que dende o Mercado Entre Lusco-e-fusco se desenvolvían algunhas actividades relacionadas.

En canto á valoración do **impacto** da experiencia, a técnica o identifica sobre todo sobre a poboación escolar que realizou visitas aos espazos, así como na xente en xeral que se achega ás hortas para interactuar coas participantes, xa que xera comunidade. Cienfuegos, respecto a esta cuestión, diferencia entre o impacto externo e interno. O primeiro o cualifica como moi positivo e importante, tanto porque os medios de comunicación se fixeron eco da experiencia como porque creou unha sensación moi positiva na cidadanía, abrindo as portas á xente a participar neste tipo de iniciativas. Do interno destaca a gran satisfacción das participantes -corroborada polas mesmas-, polo orgullo e gratificación de levar a casa os froitos do propio traballo, por unha banda, e polos intercambios de tipo material e experiencial, pola outra, xa que sentan a base da xeración de comunidade, de grupos de amizades, de creación e afianzamento de lazos a través do traballo cooperativo, etc. Fai alusión tamén a que tivo repercusión incluso fora do municipio, servindo de referencia e participando nun proxecto a nivel europeo con cidades doutros países con maior tradición en HU, como Francia ou Reino Unido.

Á hora de considerar a **importancia** das Hortas Municipais, Cienfuegos di que esta radica no impacto social e no efecto positivo que ten na sociedade. López Franco distingue entre a importancia para a xestión municipal e para a cidadanía. Da primeira di que o Concello de Santiago está moi vinculado á política medioambiental e o exemplifica aludindo ao elevado *ratio* de metros verdes por habitante, ao cinto verde, aos parques, etc., dos cales di que se lle dan diferente uso en relación a esa política. Da segunda, recoñece que moita xente non as coñece, pero quen as coñece está moi de acordo ou a favor desta iniciativa.

Algunhas **modificacións** ou **melloras** que as entrevistadas propoñen son, por parte, da técnica, dar ás participantes o que precisan, é dicir, caseta e ferramentas, mentres que a ex-Concelleira engade a posibilidade de solucionar mellor o abastecemento de auga para regar, aproveitando a das vías fluviais e non utilizar a da traída como se fixo ata o momento.

Na última parte das respectivas entrevistas, formulóuselles ás entrevistadas a cuestión da **inclusión das Hortas Municipais no Programa de EA municipal**. A técnica, en primeira instancia, desvincúlase deste Programa, alegando que ela traballa para a área

de Medio Ambiente. Admite que non sabe se hai un para este ano, pero que si pode dicir que estaba enfocado cara aos centros educativos. Da mencionada inclusión da experiencia indica que se levan a grupos de escolares aos parques -e tamén ás hortas- para ensinarlles a fixarse na flora e fauna e no respecto polo medio ambiente, e que con grupos de adultos realízanse roteiros medioambientais guiados. Apunta que tamén está o C.I.A.C., do cal non lembraba o nome nin sabía exactamente o que se estaba a facer neste espazo. Outros colectivos cos que di se quere traballar neste sentido é con asociacións e agrupacións, utilizando a horta experimental tamén cos cativos, pero que para isto se precisa de moito tempo. Como xa se apuntou, este espazo atópase en evidente desuso nos últimos tempos. Cienfuegos pola súa parte lamenta que a EA nos concellos foi diminuindo gravemente, tendo lugar un retroceso moi grande a nivel institucional como consecuencia da crise, ante a cal algúns xestores reduciron en áreas que entenderon que non eran indispensables, cando ela entende que si o son. Persoalmente defende que as Hortas Municipais si se integraban no Programa municipal de EA, xa que se realizan visitas para escolares, así como outros proxectos que inciden na mellor relación entre humano e natureza. É por isto que nas universidades tamén se están a promover as hortas nos seus campus, xa que as HU son un elemento fundamental para poder experimentar aspectos como o ciclo dos alimentos, por exemplo.

Para rematar, en canto a **consideración das Hortas de Belvís como EA**, López Franco di que estas teñen moito potencial porque espertan moito interese, a partir do cal se pode aproveitar para desenvolver todo tipo de iniciativas, pero que na actualidade están moi desaproveitadas neste sentido. Cienfuegos, pola súa parte, considera que si se dan procesos de EA tanto coas participantes como coas persoas que as visitan, pois se fai fincapé en actitudes e comportamentos con algo que se obtén directamente da terra, ademais de facer cuestionar a agricultura intensiva predominante e apostar pola tradicional, cuestionando tamén o uso de agrotóxicos. A partir destas premisas se poderían traballar outras cuestións, fomentando nos usuarios unha maior conciencia da natureza e de como estamos actuando con respecto a ela, tendo en conta os procesos non perceptibles pero que tamén son graves, así como fomentar tamén a recuperación da horticoltura a título individual, nas leiras privadas. Finaliza manifestando que as HU poden ter moitos efectos en canto á mellora de aptitudes, actitudes e comportamentos nas persoas. Algunhas participantes das hortas, pola súa banda, tamén identificaron o gran potencial educativo-ambiental das hortas, pero que polo momento dicían está moi desaproveitado. Indicaron o gran potencial desta experiencia para a mellora e afondamento nas relacións sociais e de cara á poboación máis nova, para que coñezan de onde proveñen os alimentos que

consumen, pois hoxe existe un gran desarraigo neste sentido, sobre todo nos contextos urbanos, remarcando o potencial das hortas na recuperación dos saberes e as prácticas tradicionais e na promoción da integración social. Sen embargo, ningunha das achegas fixo mención ao uso educativo-ambiental de corte transformador no sentido político, malia contar con xente, aínda que fora unha minoría, ligada dun xeito ou outro a movementos ecoloxistas. A práctica totalidade das achegas neste sentido aludiron a unha EA de tipo ambientalista, de transmisión de coñecementos sobre o medio para unha maior concienciación cara a conservación deste ou para promocionar o cambio de hábitos na cidadanía, pero sen considerar posibles actuacións sociais ou políticas máis comprometidas e transformadoras.

7. CONCLUSIÓNS FINAIS:

Baseándose na aproximación que se realizou mediante este estudo á experiencia analizada, pódese afirmar que coas Hortas Municipais de Belvís se acadaron os obxectivos e se satisfíxeron as expectativas para as cales foron concibidas. Lograron, así mesmo, un gran impacto nas persoas participantes, así como na poboación de Santiago en xeral, dada a boa aceptación por parte da cidadanía, reflectida nas longas listas de agarda e a aposta municipal por ampliar o número de parcelas en diferentes espazos da cidade para atender á demanda existente. Sen embargo, esta iniciativa carece dun proxecto socio-educativo asociado, mediante o cal poder desenvolver e coordinar procesos educativos dirixidos tanto ás persoas participantes da experiencia como ao resto de cidadáns, feito que provoca un gran desaproveitamento neste sentido.

En canto ás participantes actuais da experiencia, pódense resumir os resultados obtidos en varias consideración xerais. A primeira é que conforman un grupo moi diverso e dinámico, cunha salientable cohesión interxeracional, baseada na colaboración e o intercambio de coñecementos, materiais vinculados á práctica hortícola e produtos derivados da mesma, e un forte sentimento de identidade con respecto á experiencia. Por outra banda, detéctase unha variabilidade notable en canto á dedicación ao traballo das hortas, así como tamén na implicación persoal noutras iniciativas colectivas relacionadas co ecoloxismo ou o medio ambiente. Por último, é significativo que as principais motivacións das persoas participantes á hora de formar parte desta experiencia teñan que ver coa conciencia ecolóxica, así como que se considere como a máis importante das achegas da mesma o feito de aprender a producir os propios alimentos, aspecto directamente relacionado coa autoxestión e a soberanía alimentaria.

Polo que fai ao impacto socio-educativo desta experiencia de HU, pódese concluír que se ben hai unha carencia notable en canto a procesos formativos e educativos asociados á mesma, o seu propio desenvolvemento autónomo implica toda unha serie de procesos educativos intrínsecos entre as participantes, co intercambio de saberes e as aprendizaxes derivadas da propia experiencia, así como a nivel relacional e de xeración de comunidade. Así mesmo, de cara ao resto da cidadanía, se ben se aproveitaron as hortas para a realización de actividades puntuais e a súa mera presenza na trama urbana xa comporta unha serie de implicacións educativas de cara á sociedade, poderíase afondar moito máis á hora de planificar e implementar proxectos educativo-ambientais relacionados coa práctica hortícola, o consumo de alimentos, o tratamento de residuos, etc.

En canto á identificación das Hortas Municipais de Belvís como unha práctica de EA, problema de investigación principal no que se centra este estudo, hai que sinalar que a necesidade de complementar a resolución do mesmo coa caracterización deste caso concreto, permitiu tan só extraer unhas liñas xerais sobre esta cuestión, acerca da cal sería interesante desenvolver un estudo máis específico e complexo. Así, en canto a esta primeira aproximación á cuestión, extráense as seguintes consideracións. En primeiro lugar, sinalar que actualmente existe unha carencia de actuación coordinada a nivel municipal no campo da EA, reflectida na falta dun Programa oficial que artelle a mesma. En calquera caso, a EA desenvolvida por parte do Concello ata o momento móstrase predominantemente ambientalista ou, como moito, coa perspectiva de cambio que se concibe dende o enfoque da EDS, e estivo dirixida fundamentalmente a persoas en idade escolar. En canto ás Hortas Municipais de Belvís concretamente, non se desenvolveron actuacións educativo-ambientais máis aló das visitas de escolares a estes espazos. A pesar deste déficit, é indiscutible o gran potencial que esta experiencia ten neste campo, tanto polos recursos humanos (as mesmas participantes) e espaciais (as súas parcelas e a horta experimental) cos que conta, como polo gran interese que esperta entre a poboación, o seu carácter interxeracional e a capacidade para desenvolver o sentido cooperativo e as interaccións sociais.

O posible desenvolvemento de actuacións dende a EA só se atoparía tres limitacións principais. A primeira, a falta de vontade política e de implicación técnica á hora de desenvolver a experiencia máis aló da mera cesión de parcelas. A segunda, a departamentalización da Administración Local, que provoca a división do ámbito de actuación da EA en dous áreas diferentes da acción municipal, a de Educación e a de Medio Ambiente. E por último, a falta da figura dun educador/a ambiental como técnico municipal

de referencia.

Finalmente, destacar dúas vías nas cales poderíase comezar a desenvolver o gran potencial da EA en relación ás Hortas Municipais. Por unha banda, a patente falta de recursos formativos asociados á experiencia, a cal poderíase aproveitar para implementar actuacións educativo-ambientais que, vinculándose á mesma, afondaran en diversos aspectos relacionados co modelo de abastecemento de recursos, xestión de residuos e de organización da vida urbana en xeral. Pola outra, a pequena proporción de participantes implicadas colectivamente en movementos relacionados co ecoloxismo xunto á salientable predisposición que manifestan a participar en iniciativas deste tipo, apunta cara á falta dunha concienciación en canto á necesidade de implicación social para acadar cambios estruturais, dirixidos a establecer relacións máis responsables entre as sociedades humanas e o medio en que se desenvolven. Tanto a unha como a outra, adáptanse perfectamente á perspectiva transformadora da EA descrita no marco teórico.

8. RECOMENDACIÓNS E POSIBLES LIÑAS DE ACCIÓN:

En primeiro lugar, sería interesante contemplar a posibilidade de ampliar a experiencia a outras zonas da cidade, como as que xa se prevén en Pontepedriña, para que o máximo número de habitantes poda ter acceso a parcelas onde cultivar alimentos. Sobre todo, se recomendaría incidir nos barrios composteláns máis occidentais ou situados no val do río Sarela (Galeras, Vista Alegre, Vite, etc.), xa que ata o momento todas as experiencias habilitadas ou en proxecto están situadas na parte máis oriental, correspondente co val do río Sar. Xeneralizando o autoabastecemento de alimentos poderíase afondar na soberanía alimentaria da poboación urbana, fomentando así a autonomía das persoas neste eido pero tamén fortalecendo a cohesión social das mesmas, podendo resultar un elemento clave de desenvolvemento endógeno das comunidades.

Ademais, sería interesante redefinir os grupos de prioridade, superando o mito da horticultura urbana como ocio para persoas maiores. Dada a conxuntura socio-económica actual, sería recomendable dar prioridade ás persoas en situación de desemprego, coa finalidade de proporcionarlles alternativas de abastecemento de recursos. Neste sentido, sería conveniente fomentar o intercambio dos excedentes da produción das hortas dos diferentes espazos, mediante a organización dunha cooperativa de produción e consumo de alimentos entre as participantes. Tamén cabería contemplar a posibilidade de promover a comercialización colectiva de produtos elaborados a partir destes mesmos excedentes. Isto

non só atraería a máis persoas ata este tipo relación co abastecemento de alimentos, senón que tamén permitiría afondar aínda máis na organización colectiva e o empoderamento socio-económico da poboación, permitindo unha menor dependencia dos circuítos convencionais de abastecemento.

Por último, é patente a necesidade de introducir nesta experiencia procesos vinculados á EA, sobre todo no sentido máis transformador, aínda que para isto é necesaria vontade política e a incorporación de persoal técnico especializado, así como a implicación nesta experiencia das diferentes organizacións ecoloxistas existentes na cidade. Neste sentido, resultaría moi interesante enfocar o desenvolvemento das Hortas Municipais dende a perspectiva do Decrecemento ou mesmo das Sociedades en Transición, coa finalidade de que estas experiencias se converteran no punto de partida cara a unha redefinición integral do modelo urbano. Poderíanse impulsar así cambios a nivel socio-económico para configurar unha cidade máis responsable e ambientalmente sostible, reducindo a pegada ecolóxica e a dependencia urbana, polo menos en canto ao abastecemento de alimentos.

9. REFERENCIAS DOCUMENTAIS:

- Calvo, S.; González, M. (COORD.) (1999). *Libro Blanco de la Educación Ambiental en España*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente - Secretaría General de Medio Ambiente.
- Caride, J.A. (2007). A Educación Ambiental como investigación educativa. *AmbientalMENTEsustentable*, 1 (3), 33-55.
- Caride, J.A.; Meira, P.Á. (2001). *Educación Ambiental y desarrollo humano*. Barcelona: Ariel.
- Ciefuegos, E. (xuño, 2010). *Entre huertas: las huertas de Belvís: recuperar usos, rentabilizar espacios*. III Congreso de agroecología y agricultura ecológica en Galicia. Universidade de Vigo [VÍDEO]. Recuperado de <http://tv.uvigo.es/es/video/24057.html>
- CMMAD (1987). *Nuestro Futuro Común*. Madrid: Alianza Editorial.
- Diputación de Alicante (s.f.). *Manual Huertos Municipales Sostenibles*. Alicante: Autor. Recuperado de: http://medioambiente.ladipu.com/publicaciones/manual_huertos.pdf
- Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela (2010). *Programa de Educación Ambiental 2010-2011*. Santiago de Compostela: Autor. Recuperado de

http://www.santiagodecompostela.org/medi/departamento/atencion_cidadan/EDUCACION/Programa_de_Educacion_Ambiental/Presentacion1.pdf

García Díaz, J.E. (2002). Los problemas de la Educación Ambiental ¿es posible una Educación Ambiental Integradora?. *Investigación en la Escuela*, 46, 5-25.

Gómez Sergade, P. (1998). Proxecto dun xardín hortícola como parte da recuperación dunha zona do casco histórico de Compostela, a Rúa das Hortas. *Boletín das Ciencias*, 35, 20-30.

Meira, P. Á. (2011). De Tbilisi (1977) a Santiago de Compostela (2000), una lectura socio-histórica de la Educación Ambiental y algún apunte sobre la crisis del presente. En Súcar, S., *Memorias del Foro Tbilisi+31. Visiones Iberoamericanas de la Educación Ambiental en México* (pp. 19-58). Guanajuato: Universidad de Guanajuato.

Meira, P. Á.; Pardellas, M. (2010). *Proxecto Fénix: investigando y actuando en la educación ambiental gallega*. Valsaín, Segovia: CENEAM.

Monfort, R. (febreiro, 2011). El aporte a la sostenibilidad de los huertos urbanos. En: Volumen II de Actes del III Congr s d'Estudis de l'Horta Nord, Valencia. Recuperado de http://www.aunomdela.ose.es/sites/default/files/_Documentos/plat_urbana/rita_monfort_salvador___el_aporte_a_la_sostenibilidad_de_los_huertos_urbanos.pdf

Morán Alonso, N. (2008). Huertos y jardines comunitarios. *Boletín CF+S*, 40. Recuperado de <http://habitat.aq.upm.es/boletin/n40/anmor.html>

Morán Alonso, N. (2010) Agricultura urbana: un aporte a la rehabilitación integral. *Papeles de relaciones ecosociales y cambio global* (111), 99 - 111. Recuperado de <http://oa.upm.es/12160/>

Morán Alonso, N. (2011). Huertos urbanos en tres ciudades europeas: Londres, Berlín, Madrid. *Boletín CF+S*, 47/48, 75-124. Recuperado de: <http://habitat.aq.upm.es/boletin/n47/anmor.html>

Moran Alonso, N. e Hernández Aja, A. (2011) *Historia de los huertos urbanos. De los huertos*

- para pobres a los programas de agricultura urbana ecológica*. En: I Congreso Estatal de Agricultura Ecológica Urbana y Periurbana, 06/05/2011 - 07/05/2011, Elche. Recuperado de <http://oa.upm.es/12201/>
- Naredo, J.M. (1996). Sobre el origen, el uso y el contenido del término sostenible. En Ministerio de Obras Públicas, Transporte y Medio Ambiente, *La construcción de la ciudad sostenible* (pp. 7-18). Madrid: Autor. Recuperado de <http://habitat.aq.upm.es/cs/>
- Pardellas, M. (2011). *La USC en Transición: una apuesta por la resiliencia energética*. Recuperado de http://www.usc.es/entransicion/wp-content/uploads/2011/10/La-USC-en-Transici%C3%B3n.-Una-apuesta-por-la-resiliencia-energ%C3%A9tica_Miguel-Pardellas_2011.pdf
- Pardellas, M., Barral, M., Miguens, T. (2013). *Enquisa de avaliación do Proxecto de Hortos Urbanos da USC, Programa USC en Transición* (Documento Inédito). Oficina de Desenvolvemento Sostible da USC, Santiago de Compostela.
- Santiago de Compostela. Ordenanza Municipal do uso de Hortas Municipais constituídas en espazos públicos e do outorgamento das súas autorizacións de uso. *Boletín Oficial Provincial da Coruña*, 28 de marzo de 2008, núm. 71, p. 4058. Recuperado de http://www.santiagodecompostela.org/medi/tramites/Normativa_Municipal/1._Ordenanzas_Xerais/Contratacion/Ordenanza_reguladora_do_uso_de_hortas_municipais.pdf
- Sauvé, L. (1999). La Educación Ambiental entre la modernidad y la posmodernidad: en busca de un marco de referencia educativo integrador. *Tópicos en Educación Ambiental*, 1 (2), 7-25.
- Sauvé, L. (2004). Una cartografía de corrientes en educación ambiental. En Sato, M. e Carvalho, I., *A pesquisa em educação ambiental: cartografias de uma identidade narrativa em formação* (pp.17-44). Porto Alegre: Artmed.
- Sauvé, L. (2006). La Educación Ambiental y la globalización: desafíos curriculares y pedagógicos. *Revista Iberoamericana de Educación*, 41, 83-101.

Tijero, D. (2011). *Para el desarrollo de un modelo de Transition Town en Euskadi* (Trabajo Fin de Master, Universitat Politècnica de Barcelona). Recuperado de <http://upcommons.upc.edu/pfc/handle/2099.1/13646>

UNESCO (1980). *La Educación Ambiental. Las grandes orientaciones de la Conferencia de Tbilisi*. París: Autor.

UNESCO (1997). *Educación para un futuro sostenible: una visión transdisciplinaria para una acción concertada (Conferencia internacional de Tesalónica)*. París: Autor.

UNESCO (2004). *Decenio de las Naciones Unidas da Educación para o Desenvolvemento Sunstentable (2005-2014). Plan de aplicación internacional*. París: Autor.

Valencia, J.J., Neira, X.X., Cuesta, T.S. e Cancela, J.J. (2005). *Estrategias para la implantación de Huertos Urbanos: aplicación a la ciudad de Ourense*. Actas del IX Congreso Internacional de Proyectos, Málaga, 398-408 Recuperado de: http://aeipro.com/files/congresos/2005malaga/ciip05_0398_0408.191.pdf

VV. AA. (2000). *Estratexia Galega de Educación Ambiental*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

<http://www.santiagodecompostela.org/>

<http://adega.info/>

10. ANEXOS:

1. Plano xeral das Hortas Municipais de Belvís.
2. Modelo de Cuestionario.
3. Guión de Entrevista.
4. Memoria do *Proxecto de acondicionamento das hortas de Belvís*.
5. Plano das Hortas de Arriba.
6. Plano das Hortas de Abaixo.
7. Gráficos da Análise Estatística.
8. Transcricións das Entrevistas (en formato PDF no CD adxunto).
9. Diario de Campo (en formato PDF no CD adxunto).
10. Solicitud formal de entrevista (Registro de Entrada oficial do Concello de Santiago).